

Prezo 3,50€
Número 1. Ano 0
Sexta feira, 8 de xuño de 2012

SER20S

Pontevedra, a mudanza posíbel

GALLIZA

Un ano de mini-Feijóos. Balance dos gobernos municipais. **PAX: 3-5**
NovaGaliciaBanco poderá ser subastada en outono. **PAX: 10**
Educar para o sometemento: o novo currículo de Cidadanía. **PAX: 14**
Agustín Fernández Paz: "A literatura faise con fíos da vida". **PAX: 22-23**

EDITORIAL

Con Vagar

Vivimos tempos convulsos. A apatía, o conformismo e unhas ilusións apenas alimentadas no consumismo asolagálganos. Boa parte da sociedade bocexa estomballada fronte á pantalla, mentres ás persoas rebeldes esa evidencia conxélanos as extremidades e, cos pés fríos, fica ben limitada a nosa capacidade de mobilización. Neste contexto xerar información pode resultar mesmo doado; o desafío está en darnos conseguido que esa información produza masa crítica e activismo resistente nas rúas. Abonda con nos asomarmos ás redes sociais para tremermos coa cantidade de mensaxes que pululan polos fios invisíbeis da rede. O problema radica, quizais, en que tantas mensaxes, tantas consignas clásicas, tanta subversión fican inmediatamente desactivadas. Igual que os especialistas en armas detonan unha bomba en espazos controlados, a información in-submisa déixase circular en circuitos reducidos: mentres as persoas que a xeran se entusiasman polo apoio de dúcias de "gústame" descoñecidos, en realidade, a reiteración sucesiva de imaxes serve para nos anestesiar. Como dicía a Internacional Situacionista, tanta información atrapallada convidanos a contemplar o nau-

fraxio e a confusión que nos rodean, non a tomarmos as armas e a participarmos na alegría da subversión e no derrocamento dun mundo inxusto e cruel.

Por iso non pasa nada. Aínda que a ameaza do rescate da Unión Europea paire estes días sobre cada comentario, non pasa nada. Aínda que acabemos de saber que a constitución de Bankia pinte tan escura que debe revisarse perante os tribunais seguimos coa dificultosa vida de cada día. Entremetres, todos cantos expertos da comunicación existen seguen a nos falar de economía, como se non fosen fartarse nunca de cubriren con palabras de que adora todo o neutro e o aséptico, aturamos cada xeira como podemos asegurando que estamos nunha época crítica: crise económica, crise do modelo político que nos desgoberna, crise de valores, crise das formas clásicas da arte, crise da palabra no mundo das imaxes, crise ecolóxica... A crise é a palabra maldita, reiterada desde eses xornais conformistas, que sempre repiten o mesmo, quizais porque algúns dirixentes aínda non aprenderon a

pronuncia e queren lembrarlles que crise se escribe con e e ao final, e non con i.

Hoxe calquera pode tuitear unha información e conseguir que, cun aparello pequeniño, que cabe nunha man, a súa presenza nun acto se axigante ou, se non, que se vexa quen está nesa convocatoria, cantas persoas se reúnen, se aparece tal ou cal bandeira no grupo. Nunca a sociedade estivo tan sacudida pola información. Nunca tantas persoas se dedicaron con semellante ímpetu a acadar audiencias. E, con todo, nunca desconfiamos tanto. Preguntámonos continuamente de onde vén cada relato, quen o produciu e para que fin. Cómpre valorarmos a procedencia de cada opinión, cómpre calibrarmos as súas fontes porque, a esta altura da historia, até as xentes máis inxenuas saben da dificultade de palpares a verdade en medio de tal barullo informativo. Neste contexto saímos. Traballando case como meigas proféticas ao apostarmos por unha portada que, de supeto, un lixeiro espírito de Alemaña pode converter en rancia ao crear unha nova actualidade. Saimos á rúa coa intención de fixarmos algunhas desas informacións volátiles nesta Galiza que resiste a pesar dos augurios. Saimos para procurarmos vagar en medio desa vertixe de pezas de puzzle que caen sobre nós. Saimos para deliñarmos o ollar

galego da realidade, para considerarmos algúns conceptos e rumiaos, mastigalos con vagar e incorporalos a nós. Saimos para contarmos a nosa versión, crítica, meditada, honesta, libre dos intereses de grupo económico ningún. Hai precisamente cen anos, en 1912, un galego chamado García Blanco publicaba en Lugo un pequeno tratado en defensa da lingua galega. Este filósofo case descoñecido avisaba: "Quen a día de hoxe pretende influir, nun sentido ou noutro, na masa social, válese da prensa; funda un xornal. Non hai nestes tempos medio de propaganda máis activo e eficaz. A folia impresa chega a todas as partes porque a súa forma é accesíbel a todo o mundo e no seu contido calquera pode achar sempre algo interesante. [...] Hai que encamiñarse logo á fundación e maior circulación posíbel dun xornal que sexa galego desde o título até o derradeiro anuncio". Cen anos despois, en 2012 a posibilidade de denunciarmos os incumprimentos e as adraxas irmándase coa ilusión de loitarmos, cada día, por outro mundo posíbel e radicalmente mellor para, desde a tradición nacionalista e cara ao futuro, Sermos Galiza. Porque a información, con vagar, pode alimentar ideas novas, pode remexermos por dentro e animarmos á acción. Pode darnos esa efervescencia que nos mantéña en pé. [2](#)



Xavier Vence
Catedrático de Economía Aplicada na USC

opinión

Banca Pública Galega, por que si?

A proposta de banca pública galega nace dun diagnóstico da natureza da actual crise financeira e do fracaso dun modelo de banca virada cara á especulación; da análise das dificultades estruturais para financiar o investimento nunha economía periférica e da análise da experiencia da banca pública europea e mundial.

A crise actual certifica o fracaso dunha economía financiarizada, en que a maior rendibilidade está no negocio veloz e especulativo nos mercados globais, abandonando o investimento produtivo de longo prazo como fonte primordial de beneficios. A desregulación convérteos na vía máis lucrativa: beneficios máis rápidos, recursos máis líquidos e con mellor tratamento fiscal. A banca privada e os fondos convertéronse no vehículo que desvíaa os aforros do país cara a ese investimento especulativo, minguando os recursos orientados ao investimento produtivo. Isto levou á erosión continua da industria e dos sectores primarios en moitos países -como é o caso da periferia europea- e, finalmente, levounos á profunda crise actual.

A BPG responde á necesidade de romper ese círculo vicioso do colapso do crédito ao que ten conducido o actual modelo

A banca pública é unha peza máis no camiño da desglobalización e unha alternativa ética para os aforradores

de banca. Sería erro descomunal rescatala para manter o mesmo modelo.

A banca pública ten que servir para cubrir as necesidades de crédito das pequenas empresas, das medianas, dos autónomos, dos labregos, dos mariñeiros e das familias, creando as bases para un modelo económico alternativo ao neoliberal. Unha economía produtiva creadora do emprego e de benestar. O verdadeiro problema do país antes da crise, durante e despois da crise é e será a perda de tecido produtivo. Frear ese proceso e inverter a tendencia require mudar algunhas regras de xogo básicas, no comercio internacional, na UE e tamén no

sistema financeiro, tanto na súa regulación como no tipo de entidades. O que está máis claramente ao noso alcance é isto último. Galiza pode crear unha banca pública que se converta en motor do desenvolvemento do país, crear emprego e xerar recursos suficientes para uns servizos públicos avanzados.

A experiencia dos países máis dinámicos do mundo mostra a importancia da banca pública para soste-la súa fortaleza industrial e a súa competitividade. Os países líderes da UE téñena: Alemaña ten unha rede de máis de 400 entidades deste tipo; tamén Franza, Austria e Bélxica. Mesmo Suíza ou Noruega. En todos os emerxentes -China, India, Sudafrica, Brasil- representa unha alta porcentaxe do seu sistema financeiro. En definitiva, os que teñen banca pública, teñen industria.

A banca pública é unha peza máis no camiño da desglobalización. Polo seu ámbito de actuación, obxectivos e regras é unha vía para territorializar o aforro e, polo tanto, romper a dependencia absoluta da globalización financeira, tanto para a economía produtiva como para o sector público.

Tamén é unha alternativa ética para os aforradores. Os clientes hoxe son reféns obrigados a aceptar condicións leoninas

nos contratos, comisións elevadíssimas por todo e vense obrigados a vivir na desconfianza provocada polas estratexias depredadoras para colocarles produtos de risco de todo tipo que acaban sendo verdadeiras estafas, como a das "preferentes", "debeda subordinada" e que seguirán con "pagarés" e outros semellantes. Unha banca pública ética é unha alternativa de confianza e, ademais, por simple competencia e regulación, obrigará ao resto dos bancos a mudar o seu comportamento.

A BPG é unha resposta legal e factíbel á crise, un medio para saír da crise, unha forma responsábel de resolver o problema actual de NGB e, sobre todo, un instrumento de futuro para unha economía produtiva e innovadora.

É un instrumento para reducir a nosa dependencia das finanzas globais, valorizar localmente o noso aforro, frear a súa fuga cara aos circuitos da especulación global, dar maior estabilidade á nosa economía, gañar capacidade para definir a orientación dos nosos recursos con criterios estratéxicos, sociais, éticos e medioambientais. En definitiva, é un instrumento de reforzamento da nosa capacidade económica, do noso poder de decisión e, polo tanto, unha peza clave para gañarmos soberanía. Para facermos país. [2](#)



Un ano de Mini-Feijóos

Pasados doce meses da conquista de novas alcaldías por parte do PP, o balance da súa xestión límitase á copia de frases do presidente da Xunta engadíndolle escándalos que terminan en dimisión ou medidas neototalitarias sobre o uso dos espazos públicos.

Rodri Suárez
Imaxes: SG

El non colleu ningún deses anacrónicos bastóns de mando que se entregaron hai un ano, mais detrás do que lucían algúns dos novos alcaldes -apenas conta con alcaldesas- estaba a súa figura, o seu proxecto político e, sobre todo, o seu estilo, o de Alberto Núñez Feijóo. Pasaron xa doce meses desde que o PP proclamou o comezo dunha suposta marea azul (que como toda marea sobe mais logo baixa) basándose nos bos resultados nas eleccións municipais, que en Galiza supuxeron o seu regreso a varios concellos, entre eles ao de tres das sete cidades: A Coruña, Santiago e Ferrol. Non foi casual que os principais éxitos dos populares neses comicios tivesen o seu epicentro nunha mesma circunscrición. Nun partido sempre defensor da organización provincial, na da Coruña é onde o líder do PPdeG ten obtido maior fervor interno e onde puido desenvolver con máis apoios o seu proxecto, sempre baixo a tutela de Romay Beccaría. E así, erixido en espello, eses novos rexedores puxeron total empeño en ser o máis semellantes a Feijóo posíbel. Co que iso significa. Nalgún caso, pasándose de freedada. En todos, sen avances contra a crise de que presumir.

O quíen con que asumiu Feijóo a súa en-

Conde Roa dimitiu após cometer fraude fiscal por 300.000 euros

parte d@s veciñ@s, que terán que pagar para realizaren actividades nelas. "Unha ordenanza neofranquista", cualificana desde fóra de Raxoi os soberanistas reunidos en Candidatura do Povo. Mais o "déficit democrático" dos populares de Santiago non remata aí. A presión sobre determinados centros de xuntanza, a desmedida reacción perante a ocupación da Sala Yago ou os obstáculos postos á actuación do artista Leo Bassi tamén forman parte do tumultuoso comezo de lexislatura do PP. "O concello chegou a prohibir de forma unilateral o uso da sala de prensa por parte do noso grupo municipal pola presenza de Bassi ou tivemos que recorrer ao Valedor porque o goberno nos nega información. Entregáronnos o Plan de Axuste que ían aprobar só cinco minutos antes dun Pleno, sen tempo para estudalo", denuncia o BNG.

Con todo, o nome estelar do sainete deste tempo foi Gerardo Conde Roa. Chegou á alcaldía incorporando o seu equipo ao candidato que saíra das listas por un positivo en alcoholemia, estivo no centro de varios escándalos e acabou, tras unha forte resistencia, dimitindo logo de recoñecer ter cometido unha fraude fiscal de perto de 300.000 euros ao non pagar o IVE dun dos seus negocios inmobiliarios. Foi substituído por Ángel Currás, no medio dun enorme enfrontamento interno nos populares. "Santiago proxeitou un-

ha desastrosa imaxe cara fóra neste ano, a cidade ocupou horarios de máxima audiencia por cuestións nada positivas dende que chegou o PP", opina Rubén Cela, que, porén, intenta que os pintorescos acontecementos non agochen outras preocupantes realidades, moi semellantes ás que imprimiu Feijóo desde a Xunta. "O PP parou a totalidade de proxectos que estaban en curso, como a Intermodal ou a ampliación da autoestrada. E tampouco actúa contra o problema do desemprego, onde Santiago está en cifras de récord e cuns últimos datos que apuntan a que o verán non vai ser o motor doutros anos. Certo é as competencias municipais son limitadas neste tema, pero non fixeron absolutamente nada contra os EREs, as deslocalizacións ou o constante peche de comercios, tribel en zonas como a do Ensanche. Polo contrario, até intentan atacar sectores produtivos como o agrogandeiro, onde manteñen o seu acoso ao mercado de Amio", comenta Cela. É máis, na iniciativa económica si se coñecen uns pasos, mais en dirección ao ladrillo, como no caso da pelotada urbanístico na Finca do Espiño, onde o concello pretende que se constrúa unha urbanización malia as sentenzas que indican que eses terreos son para uso da veciñanza. "E ese proxecto é só a punta do iceberg, o PP chegou ao concello ansioso por modificar o PXOUM tendo no punto de mira incluso a zona histórica", apunta o voceiro do BNG.

Outra fronte aberta polo PP en Compostela foi a do rexeitamento á promoción da cultura galega e case que á cultura na súa totalidade. Episodios como o de Conde Roa chamando "mamón" e intentando agredir o iluminador dunha ópera con fondo crítico provocaron gran indignación, como ocorreu con todo aquilo que ten que ver coas expresións propias do país, con énfase contra a lingua. "É máis do mesmo, a política de ultradereita do PP", afirma Ricardo Picáns, de Candidatura do Povo. Desde o Bloque, Rubén Cela lembra que "Santiago sempre foi unha referencia no uso institucional do galego nas cidades pero agora déronse corenta pasos atrás. A isto se lle pode sumar a expulsión da Sala Nasa con acusacións incluso de pertenza a banda armada ou os problemas que se lle puxeron ao Correlingua pola simple razón de que a Currás non lle gustaba o manifesto redactado por uns alumnos en base a textos de Celso Emilio Ferreiro. Parece que descoñecen que Compostela xa era cidade da cultura antes de que se puxese unha soa pedra no Gaiás".

Tampouco gusta o Correlingua no goberno municipal do PP na Coruña. Nun pequeno mais significativo xesto, o alcalde Carlos Negreira até negou o uso dun palco municipal por parte da marcha escolar, sen explicación ningunha. Certo é que ben por manexo dos tempos ou ben por precaución, os populares aínda non abriron a guerra do topónimo, porén -intentando ser silenciosos, para o que contan con importantes complicidades- si actúan contra toda expresión propia, comezando por unha lingua galega cuxo uso oficial é nulo, seguindo por declaracións insultantes como a da concelleira de Cultura cando acusou certas actividades de ser "demasiado gallegas" e rematando pola eliminación das pequenas axudas que re-

O VIGO DUN CABALLERO SÓ

Fóra do PP, hai un ano tamén se producía un feito transcendental na política local galega. Abel Caballero, do PSOE, pasaría a gobernar en solitario a cidade máis populosa do país, Vigo, logo de que as bases do BNG decidisen non volver formar parte dun goberno de coalición co socialista, que malia a necesidade de buscar pactos non desistiu durante este ano de nova lexislatura do seu peculiar estilo personalista e localista, na liña do que representou durante moitos anos o "vazquismo" na Coruña. Durante esta nova etapa, Caballero estivo moi pendente das leas internas do PSOE, en que a súa man dereita Carmela Silva tivo un papel destacado pola teima en ocupar varios cargos en contra das normas do partido, e tamén mantivo disputas co movemento veciñal, a parte do cal chegou a acusar de "ser do BNG". Mais foron os nacionalistas os que no concello permitiron a aprobación dos presupostos, logo de facer variar a inicial proposta do rexedor -que incluía recortes e eliminación de convenios coas asociacións da veciñanza- e engadir partidas para emprego e servizos sociais. "Pero estaremos vixiantes coa súa xestión e esperamos que abandone a prepotencia", avisou a Caballero o líder local do BNG, Santiago Domínguez, durante a sesión plenaria.

Da fusión de Oza e Cesuras nada se sabe

En Compostela e na Coruña censuraron o Correlingua

cebían asociacións culturais como Alexandre Bóveda ou a Fundación Manuel María. Para fundacións doutro sentido, e moito menos necesitadas, si hai chuvia de cartos. A da familia do multimillonario Jove ingresou 100.000 euros. E, por suposto e usando trucos legais, as touradas manteñen o apoio financeiro do goberno local. Como Millán Astray as honras municipais a pesar do clamor en contra.

A Negreira tampouco lle presta a utilización alternativa da rúa ou do patrimonio abandonado. "Xa non había ningunha esperanza de nada, así que pouco nos sorprendeu que tomasen medidas de limitación dos usos das rúas, como foi co tema dos mercadiños de troco", comenta Rocío Fraga, activista dos movementos sociais da cidade, entre eles o Proxecto Cárcere, que reivindica a recuperación pública e para uso social do centro penitenciario situado ao pé da Torre de Hércules. No propio faro romano o PP creou un importante conflito laboral ao despedir o cadro de persoal e pechar o monumento ao público. "Con Negreira periga que a Torre manteña a súa consideración de Patrimonio da Humanidade por parte da Unesco", apunta Fraga.

A conflitividade social na cidade, que viu unhas das maiores manifestacións da súa historia na última folga xeral, parece non afectar @s ocupantes de María Pita, que curiosamente só atoparon apoios con-

DESAMPARO AOS CONCELLOS PEQUENOS

A tesoirada que o goberno autonómico do PP -en confluencia co estatal e Bruxelas- vén aplicando sobre os servizos públicos tamén afectou con gravidade ao chanzo local neste primeiro ano da nova lexislatura. A Xunta eliminou case a metade dos cartos destinados aos concellos na prestación de axudas, por exemplo, á dependencia. "Un recorte que se agrava nunha situación na que as persoas están nunha dura situación con risco de exclusión social", explica a alcaldesa de Tomiño, a nacionalista Sandra González.

A agresión aos servizos públicos que prestan os concellos afecta fundamentalmente aos municipios de menos de 20.00 habitantes, que son máis do noventa por cento dos de Galiza. Todos estes viron como a Xunta desentendiase do programa de Axuda no Fogar, que nalgúns casos será asumido polas propias entidades locais, creando así un novo problema de tesourería. Ante esta situación, na provincia de Lugo e a iniciativa da Deputación, alcaldes de BNG, PSOE e Independentes organizáronse para reclamar da Xunta fondos para servizos sociais, creando unha comisión negociadora. Pero Feijóo e os seus seguen a suxerir que caerán máis recortes. Tamén para os concellos.



Santi Domínguez (dereita), portavoz do BNG en Vigo

cretos no concelleiro de EU, o que provocou bastante polémica nos ambientes de esquerda da urbe. Mentres, Negreira repite como un autómatas a palabra "austeridade" e recorre continuamente a unha suposta "herdanza envelenada" do anterior goberno. Feijóo puro e duro con pingas de Francisco Vázquez e a súa aposta polo esgotado ladrillo, que volveu a zonas como Eiris ou San Roque. "O PP só se aplicou en recortes a través da súa famosa austeridade, austeridade que non supón nin riqueza, nin traballo, nin benestar, nin crecemento; só paro e malestar social e máis beneficios para os poderosos", afirma Xosé Manuel Carril, voceiro do BNG, que engade que o goberno de Negreira deixou sen utilizar "un total de 3.558.623 euros destinados a promover o emprego, o comercio, o ensino público e os servizos sociais". Precisamente, o comercio local pasa por unha importante crise, afogado polas grandes superficies, que ao tempo tamén sofren por unha masificación que xa provocou diversos peches. Os desempregados na comarca van camiño dos 50.000. E o PP buscando a foto nos xornais.

A obsesión do alcalde da Coruña por imitar o presidente da Xunta non pasa só pola tesoirada senón tamén polo que é -malia o seu moi limitado efecto sobre as contas, o que non lle quita certa utilidade- un dos artefactos publicitarios preferidos do PP galego, a venda de coches oficiais. Nunha frota que copiaba ao milímetro o feito pola Xunta no Obradoiro un par de anos antes, Negreira sacou a flota de vehículos á Praza de María Pita, convertida en concesionario de ocasión. Mais, como adoita pasar, a grande estampa austera tiña trampa e saiu á luz cando os nacionalistas denunciaron que, cos coches xa ven-

cidos, o concello gastou 2.500 euros en traxes para os choferes. O goberno local contestou axiña: "A culpa foi do bipartito". A coral dos ecos de Monte Pío.

Mais sen dúbida, o máis parecido a Feijóo en canto a porte e actitude dos tres alcaldes urbanos é o ferrolán José Manuel Rey Varela. Considerado un dos homes de futuro do PP galego, alcanzou o poder cun brillante resultado que puido acompañar co trampolín de ser elixido presidente da Fegamp, ese ente de unidade municipal de que apenas se coñecen resultados prácticos nestes últimos meses. Da alcaldía ferrolá tampouco se pode dicir algo moi diferente. "Aprobou plans de axuste innecesarios, recortou servizos públicos e limitou o debate político", resume Iván Rivas, portavoz do BNG no concello. Estas circunstancias provocaron tensións cos traballadores do consistorio ou con asociacións veciñais como a de Esteiro. Porén, é a crise -que en Ferrol adopta categoría de perpetua- o campo de actuación onde o PP amosa unha pasividade máis evidente. Como dramático pano de fondo, o naval.

"Rey Varela limitase a asinar manifestos a prol de Navantia pero á hora da verdade o seu partido pon trabas e rexeita que se consignen fondos orzamentarios cos que se poida construír o dique flotante para os estaleiros da ría", apuntan os nacionalistas. Pola súa parte, a concelleira de Esquerda Unida Yolanda Díaz afirma: "Con palabras baleiras como as do alcalde non comen os máis de mil despedidos na industria auxiliar nestes meses nin ten arranxo a explosión de paro que previsiblemente se producirá en agosto". Hai só dúas semanas, os populares rexeitaron a



Manifestación pola permanencia do mercado de gando en Compostela

emenda do BNG no Congreso de Madrid en que se solicitaban 125 millóns para o dique. "Dixeron que o apoiarian se gañaban as eleccións, pero xa temos outro incumprimento máis do PP", sinalou entón o deputado Francisco Jorquera.

Mais a análise do periplo municipal do PP de Feijóo nesta nova lexislatura local non resulta completo sen mirar alén das cidades, onde o panorama tamén descobre sombras, algunhas conectadas co propio Conde Roa. É o caso de Roberto Vázquez, rexedor de Portas. Ao igual que o santiagués, este alcalde da dereita tamén recoñeceu ter cometido unha fraude fiscal. Facenda reclamalle máis de 300.000 euros por suposta falsificación do liquidado no imposto de sociedades. Vázquez busca un acordo coa Axencia Tributaria malia afirmar que non se sente "culpábel de nada". Segue no cargo, dado que o seu partido non lle aplicou aínda o código interno.

Os presuntos casos de corrupción tinguen a máis rexedores do PP. Destaca o chamado Caso Orquestra, na Costa da Morte. Acusados de prevaricación e tráfico de influencias nunha trama de carácter inmobiliario continúan, entre outros, José Manuel Traba e José Manuel Santos, alcaldes de Fisterra e Mazaricos, respectivamente, ambos os dous en liberdade provisional.

Con menor polémica mais igualmente representativas das eivas de xestión, o PP tamén xerou a nivel municipal galego graves problemas financeiros. Dous concellos gobernados pola formación que lidera Feijóo atravesan tal problema nas contas que están a piques de declararse en quebra. É o caso de Foz e Pontearreas. Foi a propia Xunta a que alertou da súa situación límite

por boca do director xeral de Administración Local, Norberto Uzal, que engadiu á lista Os Blancos, onde goberna un independente, e asegurou que "poden darse máis casos". Non semella casualidade que a gran maioría deses outros posibles "cracks" tamén sexan entidades gobernadas polos populares, como ocorre en A Lama, Coristanco, Agolada ou Dodro, todos eles con plans de axuste presentados sen éxito. Curiosamente, o conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda intentou rectificar despois as palabras do seu correligionario Uzal e quitoulle dramatismo á situación destes municipios, nun diáfano exemplo do que eles adoitan chamar unha "preocupante división interna" cando afecta a outras forzas políticas. No entanto, diferenzas aínda máis grandes xurdiron no PP galego logo de que Feijóo lanzase o fogo artificial supremo que ía acabar con todos os males coñecidos: a fusión de concellos.

Poucas situacións definen mellor o concepto exclusivamente mediático que ten da política o presidente da Xunta que o sucedido co anuncio da unión de Cesuras e Oza dos Ríos. "Máis que unha fusión de dous concellos de 5.000 habitantes parecía a caída do Muro de Berlín", segundo atinada definición do xornalista Xosé Manuel Pereiro. Un obxectivo como o das fusións que, en moitos casos, é recoñecido como interesante e até desexábel (o BNG de Alfoz e O Valadouro levan tempo traballando "dende abaixo" nesa liña) converteuse nun rocambolesco asunto propagandístico que tamén apunta con pesar á facilidade con que os medios aceptan como verdades simples declaracións sen contido. Non hai moito que o colaborador dunha radio falaba a nivel estatal do necesi-

dade de "fusionar municipios como fixo Feijóo", dando por sentado que o titular xa era un feito. Mais Oza e Cesuras seguen existindo por separado, o que non quita que nun futuro poidan xuntarse, como outras moitas entidades locais.

Foi en sede parlamentaria, no debate sobre o estado da nación, cando Feijóo sacou o que intentaba presentar como o suceso maior da fin de lexislatura: Oza e Cesuras iniciarían o proceso de fusión. Pasaron tres meses e nada pasou. Con todo o entusiasmo dos poderes afíns ao PP conseguiron vender un, polo de agora, inexistente logro que, ademais, foi contestado pola cidadanía afectada, que nada sabía até que se enterou pola prensa e saíu á rúa a pedir "explicacións, transparencia e democracia". Ao tempo, os alcaldes dos concellos "fusionábeis", os dous do PP, comezaban unha xira triunfal -que até Rajoy saudou- para lucir o paso dado, mais que aínda non se deu. Nin sequera se volveu falar do asunto a nivel nacional.

Non obtivo resultados reais o anuncio de fusión, porén si provocou un terremoto entre as filas da dereita. Rachando máis unha vez co mito dun PP sempre unido como unha piña, decenas de alcaldes populares xuntaron forzas para plantar cara ao proxecto de mesmo, incluso -segundo informou El País- formalizaron o proxecto de crear unha asociación baixo o nome de Aspecoga (Asociación de Pequenos Concellos Galegos) para defendérense do que moitos consideran unha "imposición da Xunta". Desde aquela, as presuntas fusións de que presumía Feijóo caeron no esquecemento. Mais a crise que tanto golpea os concellos en que tamén gobernan os seus pupilos segue activa.

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES. ALCALDE DE PONTEVEDRA

"O PP pon atrancos a que os concellos saneados poidamos contrarrestar os seus recortes sociais"

CONVERTIDO XA NUN REFERENTE HISTÓRICO DO NACIONALISMO A NIVEL MUNICIPAL, MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES (VILALONGA, 1954) VIVE O PRIMEIRO ANO DO QUINTO MANDATO Á FRONTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, SATISFEITO DE VER COMO A SÚA XESTIÓN EVITOU QUE A CORPORACIÓN PASE POLOS GRAVES PROBLEMAS DE DÉBEDAS OU INACCIÓN QUE SOFREN OUTRAS A POUCOS QUILÓMETROS. MAIS, Á VEZ, INFELIZ POLOS OBSTÁCULOS QUE ATOPA PARA PODER COMPENSAR DESDE O CONCELLO OS DUROS RECORTES SOCIAIS DO RESTO DE ADMINISTRACIÓN. PONTEVEDRA DEMOSTRA QUE A MUDANZA NOS CONCELLOS É POSÍBEL.

Rodríguez Suárez
Imaxe: SG

No relato da actual crise sistémica é doado atopar referencias aos concellos como fontes de despilfarro, pero son menos as que falen dun poder municipal que achegue solucións.

Atravesamos un momento complicado debido ao desemprego e a emerxencia social producida pola crise económica, e no noso caso temos que engadir que os recortes que a Xunta está a aplicar, moi especialmente no referente aos servizos sociais, obrigan a este concello a apagar lumes e atender compromisos que outras administracións deixan de facer, aínda que non sexan propios das nosas competencias. Por iso, agora no que traballamos é en ver como podemos aumentar as partidas para gasto social, como podemos incentivar a actividade económica e como podemos paliar un pouco as situacións máis dramáticas, sobre todo entre a mocidade.

Daquela, os concellos si poden servir, ou intentar exercer, como alternativa ás políticas de contención do gasto público.

Os concellos somos as institucións que máis vemos a cara das persoas. Outras manexarán grandes estadísticas, pero nós somos os que sabemos cal é o rostro dos que o están pasando mal. Polo tanto, as consecuencias da crise, malia que non temos culpa de nada, somos os concellos os que máis a sufrimos porque tampouco dispoñemos de mecanismos para achegar grandes solucións para contrarrestar os recortes que por exemplo fai o PP, ao contrario, se nos poñen impedimentos como o teito do gasto, se temos que pedir un crédito atopamos moitos atrancos a pesar de que, no caso de Pontevedra, somos un concello saneado. É unha situación complexa, porque nos baixan os ingresos pero nós temos que seguir dando os servizos, incluso os que non nos competen como os sociais, por exemplo en canto a ensino, onde asumimos políticas que directamente deberían ser cousa da consellería. A situación é moi complicada,

polo que debemos de insistir en que e para saír dela o que cómpre é un cambio de modelo.

Ao seren os máis achegados aos cidadáns, son tamén os alcaldes os que máis sofren iso que se deu en chamar 'a desafección da política'?

Non é algo xeneralizado. Hai alcaldes e formas de facer política e formas de facer política. A política é máis necesaria que nunca, pero unha política distinta, baseada nos cidadáns, nos sectores produtivos, e non só en preocuparse pola prima de risco ou por refinciar a banca sacando os cartos do lombo dos cidadáns. Nós en Pontevedra levamos trece anos xestionando de forma seria, iso da austeridade non é unha palabra que se inventara hai un ano ou dous senón que nós somos austeros dende 1999. Os cidadáns saben diferenciar e ven que aquí non se fan gastos superfluos, miramos cada peseta antes e cada euro agora, o diñeiro público hai que usalo ben e quizais non é iso o que fixeron aqueles concellos que andan endebedados por proxectos faraónicos. Lémbrome agora da Comunidade Valenciana, que gastou millóns en grandes obras e grandes eventos pero ao tempo ten aos alumnos recibindo clases en barracóns. Ese non é o modelo de Pontevedra. Nós pagamos aos nosos funcionarios, aos nosos provedores, estamos ao día e mantemos e melloramos os servizos. A mágoa é que non poidamos investir máis diñeiro público dende a administración local porque se nos poñen obstáculos co teito de gasto.

A práctica desaparición das caixas galegas afecta de forma especial aos concellos?

Dende que as caixas desapareceron, en Pontevedra perdemos arredor de medio millón de euros en colaboracións de tipo cultural, festivo, deportivo, no Pazo de Cultura e demais. E iso afecta tamén a gran parte do entramado da cidade que tiña financiamento de Caixanova, como a Cámara de Comercio, a UNED, a universidade presencial tamén... todos tiñan un financiamento que se perdeu. A cuestión das caixas é un auténtico desastre, pero un

"O único que liquidaron foron dúas entidades que se non funcionasen como bancos estarían agora dando beneficios"

"Nós vemos o goberno como instrumento para servir os cidadáns"

desastre con responsables que tarde ou cedo terán que pagar polo ocorrido, non se poden ir de rositas para casa e aínda por riba cobrando unhas cifras astronómicas, cunhas liquidacións estupendas cando o único que liquidaron foron dúas entidades que se non funcionaran como bancos, se non tivesen entrado na especulación financeira ou inmobiliaria estarían neste momento dando beneficios, apoiando a cultura, a obra social e axudando a autónomos, pequena e mediana empresa. É por iso que dende o BNG apostamos por crear xa unha banca pública en senso estrito, sen ese mecanismo financeiro é imposible o desenvolvemento económico que cree emprego.

Hai un ano, o PP recuperou o poder nalgunhas cidades. Supoño que se sentirá orgulloso cando se fala da súa xestión como a antítese da de, por exemplo, Conde Roa en Santiago?

Nós levamos 13 anos no goberno e sen problemas dese tipo, con transparencia e capacidade de xestión. A principal diferenza entre o BNG e outras forzas políticas, moi especialmente o PP, radica en que nós vemos o goberno como un instrumento para servir aos cidadáns e por iso centramonos nos espazos públicos, nos servizos públicos, en aumentar a autoestima, na empresa local en contra doutras apostas centradas nas grandes superficies ou en urbanizacións que rachan a estrutura da cidade, en inserirmonos dentro dunha cultura e un idioma propio que hai que defender. Son moitas as diferenzas que hai e que ao longo do tempo acaban notándose.

Nese sentido, atópase máis cómodo sen Telmo Martín enfronte?

Nós respectamos a oposición, sempre que sexa construtiva e despois as características persoais... eu creo máis nos proxectos colectivos e o PP neste caso apostou por unha persoa cunhas características determinadas e a cidadanía veu con claridade que era algo sobreposto, iso que en política se denomina paracaidista, el chegou á cidade sen coñecela, cunhas ideas megalómanas, con moitas interferencias coas súas actividades inmobiliarias, foi unha es-



Fernández Lores na praza do Teucro en Pontevedra

pecie de pastiche. E, con independencia da importante base social do PP en Pontevedra, ante un proxecto desnortado como era o seu, a cidadanía preferiu optar por un modelo que cada vez funciona mellor, cun noventa por cento de aceptación, unha cifra moi relevante.

Como resumiría o modelo Pontevedra?

Nós temos unhas ideas moi claras, sempre en diálogo cos movementos e a cidadanía máis activa e cunha crenza diáfana no público, na accesibilidade, na seguridade viaria, na aposta polo patrimonio, no crecemento sustentábel, malia que non me gusta moito esa palabra, tamén estamos a recuperar o río, puxemos en valor o casco histórico, apoiámos a actividade económica ligada ás festas, especializámonos en eventos deportivos que son fonte de ingresos, como os campionatos de triatlón, piragüismo ou natación, somos unha cidade moi compacta, con usos peonís, evitando unha dispersión que se traduce en agresividade por culpa de elementos como o tráfico, aquí os nenos poden ir andando aos colexios ou xogar á pelota na rúa sen perigo ningún. Son conceptos distintos que levan aos cidadáns a participar máis e que combinamos coa incorporación dos modelos máis avanzados, pero partindo de ser quen somos e recuperando a nosa autoestima.

"Cando chegamos a Pontevedra era unha cidade decadente. A cidadanía agora sente orgullo"

"Ence é a nosa materia pendente. Desde o Concello damos todos os pasos posíbeis mais non sempre acompañan as outras administracións"

Fala moito da recuperación da autoestima, era antes Pontevedra unha cidade deprimida?

Cando chegamos Pontevedra era unha cidade decadente, triste, existía a sensación de que nos levaban todo, de que todo era mellor noutros sitios, iso cambiou. A cidadanía agora sente orgullo cando recibimos un premio europeo aos espazos públicos, á seguridade, á accesibilidade, á recuperación de patrimonio, pola organización de eventos deportivos... eses recoñecementos xeran unha estima importante que se confirma co dinamismo da xente na rúa ou nas prazas. Por iso somos a cidade galega con maior crecemento vexetativo, a máis nova, onde máis nenos nacen. Crecemos en poboación, incluso en momentos de crise. Iso non era así antes.

Queda ENCE como vestixio desa Pontevedra deprimida?

Esa é a nosa materia pendente. Fomos saneando o río, mellorando o casco urbano e a calidade de vida, pero a cuestión de Ence levámola arrastrando sesenta anos. Dende o concello damos todos os pasos posibles pero non sempre nos acompañan as outras administracións. Aparentemente todos estamos a prol de sacar a Ence da ría pero logo a nivel oficial eu non vexo que se plasmen esas intencións. Seguen dándose autorizacións ou se sementan dúbidas

que permiten pensar que non van marchar en 2018. Nós queremos recuperar unha das rías máis ricas de Galiza e, malia que nos preocupan os postos de traballo, Ence xa non ten o peso industrial de hai trinta anos, hai outras industrias, outros polígonos, aparte de que a súa actividade pode facerse onde non afecte ás persoas ou ao medio ambiente, e, por desgraza, en Galiza non hai que ir moi lonxe da costa para atopar desertos onde poder instalar empresas deste calado.

E, logo dos últimos acontecementos a nivel interno, que papel pode exercer a formación política á que pertence dentro desta Galiza onde crecen os desertos?

No BNG houbo un proceso asembleario clarificador, no que se debateron cuestións ideolóxicas, non persoais malia que logo algún personalismo sempre xorde. Houbo xente que con toda liberdade decidiu que prefería outras opcións pero a nosa militancia na súa inmensa maioría segue no BNG. Temos unha enorme responsabilidade con este país, quizais estivemos distraídos con outro tipo de cuestións e agora o que toca é traballar sen esas distraccións. O BNG ten recorrido, está máis clarificado, ten unha liña firme e, como sempre dixemos en Pontevedra, con rumbo certo, porque sen rumbo certo non hai vento favorable.

CRÓNICA POLÍTICA

Os múltiples 'Prestiges' de Feijóo

Superada polos acontecementos, a Xunta do PP limitábase a observar como o desemprego ou a perda dos instrumentos financeiros propios convértense en desastres que poden ter nas urnas un efecto semellante ao que xerou aquela catástrofe ecolóxica, cuxo décimo aniversario sobrevoará a época electoral

Rodri Suárez
Imaxes: SG

Na xerxa política galega, máis a nivel privado que público, utilízase a frase "ter un Prestige" para referirse a ese erro de xestión que ispe todas as eivas dun goberno e acaba derrubándoo nas urnas malia a aparente boa saúde da que gozaba só un pouco antes. Loxicamente, a orixe da expresión está no desastre ecolóxico que hai unha década acabou por rematar o réxime de Fraga logo de engadir razóns á caída do de Aznar. Pasado o tempo, a actual Xunta de Alberto Núñez Feijóo pode presumir por agora de ter zafado das cíclicas mareas negras na costa galega, pero non por iso está libre dos 'Prestiges' aos que se refire a xerxa. Moí ao contrario, conta cunha chea deles. Tantos que cada vez son máis os indicios de que pode seguir nas vindeiras eleccións o mesmo camiño que tivo que tomar o desaparecido Iribarne en 2005. Os datos demostrosícos así o indican.

O naufraxio que golpea na actualidade ao PP galego chámase crise, ou mellor dito nefasta xestión dela. Como hai un década -poderíase dicir que coma sempre- o goberno de Madrid achega máis problemas que solucións. E un paralizado Feijóo limitábase a mirar para o famoso quinto pino ou intentar vender que todo se trata dunha traxedia natural provocada por barcos tóxicos que veñen de lonxe e contra os que non pode actuar. Como se non fose presidente de nada. Mentres, as cifras de desemprego seguen mareando. As últimas, malia tratarse dunha época teoricamente propicia, confirman que se destrúen máis postos de traballo en Galiza que no resto do Estado. Varios estudos -mesmo esta semana o da Universidade Carlos III- prognostican unha forte caída da economía do país no segundo semestre deste ano. E no papel de odioso chapapote, o crack financeiro. A gran estafa.

Numerosas pistas indican que este mes de xuño pode ser o da desaparición xa total dos instrumentos financeiros galegos. Pechado en banda á creación dunha banca pública que o BNG converteu en reivindicación central, Feijóo agarda ordes mentres a Novagalicia Banco se lle acaba o tempo para manter a súa vinculación co territorio ou a súa propia existencia. "Confío nas capacidade das persoas que están á fronte da entidade para que resolvan esta complicada situación", declarou o presidente galego no seu medio de referencia, asumindo así a inacción e transitando unha vez máis por ese camiño tan propio da dereita segundo o cal hai unha especie de seres superiores (neste caso, Castellano e compañía) que mere-

cen máis crédito que os representantes elixidos pola cidadanía. Antes, eses deuses chamábanse Méndez e Gayoso. Así pasou o que pasou, que dirían os clásicos. E seguirá a pasar. Nun xesto de clara provocación, ao presidente da Xunta non se lle ocorreu mellor cousa en medio da treboada que fotografarse estes días xunto a unha icona da delincuencia financeira como Mario Conde. Ao mesmo tempo, o PP teimaba no Parlamento no seu veto a unha investigación sobre a xestión das caixas e as indecentes cantidades que levaron delas moitos dos responsábeis do seu afundimento.

Nestas semanas se saberá o resultado desa desfeita que para Galiza comezou polo espolio das caixas e que sempre tivo no seu epicentro a Feijóo. Tanto o FMI como outros auditores -todos de milimétrica adscripción ao neoliberalismo- anunciarán o seu veredicto sobre o estado da banca do estado español. Non se espera ningunha boa nova para Galiza, xa que o guiñón dos poderes pasa ben por integrar Novagalicia Banco nunha entidade maior ou vendela como saldo a un especulador foráneo. Tampouco se agardan avances en positivo para os milleiros de fami-

lias estafadas polas preferentes, ás que a Xunta segue sen ofrecer ningunha saída. Porque en base aos ditames das cúpulas mercantís chegará en breve, con máis ou menos trucos na súa posta en escena, o chamado "rescate", ou sexa outra brutal inxección de fondos públicos na banca privada que se pagará mediante outra xeira de recortes ás clases populares. Algo así como varios 'Prestiges' máis xuntos. E Galiza, cunhas eleccións á vista.

Nos comicios de 2009, Feijóo impuxo no PP galego o estilo -visual e ideolóxico- máis madrileño xamais visto. Alcanzou o poder aplicando as receitas da FAES, coa galegofobia á cabeza. Pero o que sobe via Madrid tamén pode caer via Madrid. O escándalo de Bankia -directamente ligado a un PP que agora terá enfronte a toda unha Fiscalía Anticorrupción- non só afecta a Rato ou Esperanza Aguirre, senón tamén a Rajoy e, por suposto, Feijóo, que ve agora como a súa falta de perfil propio se lle volve en contra. Xustocando tocan urnas. Aínda non se sabe cando. Pode ser en outono. Nese caso sería de novo con 'Prestige' no ambiente, neste caso co orixinal. En principio, en setembro podería comezar o esperado

macroxuízo sobre o naufraxio, que durará varios meses. E en novembro, será o décimo aniversario da marea negra. Ambas circunstancias devolverán á primeira liña do recordo os arrogantes modos daquel PP, que é o mesmo que o actual, liderado non por casualidade polo "señor dos hilillos". E iso no medio dunha colosal recesión. Ante tamaño escenario, difícil o terá Feijóo nas urnas malia os seus dominios mediáticos, os seus intentos de desligarse de calquera pasado e a súa estratexia, xa cansa, sobre a "división" nas forzas opostas, que sempre esquece o problemas nas propias filas populares, onde Baltar amplifica o ton crítico ou se lle marchan grupos municipais enteiros como o de Monterroso.

E por riba, dez anos despois do 'Prestige' á Xunta non se lle ocorre outra cousa que 'homenaxear' ás xentes do mar cunha nova norma segundo a cal terán que pagar o seu salvamento se cometen "imprudencia", como se faeran para gañarse a vida nunha costa coma a galega fose o mesmo que conducir bébedo sen carné. Mais non deixa de ser representativo. Na era do gran afundimento, os de arriba gañan cartos 'rescatando' aos de abaixo. ❧



74.000 fogares dependen de familiares ou amizades para chegar a final de mes

A European Anti Poverty Network alerta do crecente empobrecemento das familias galegas

Xesús Manuel Piñeiro
Imaxes: SG

"Se non é polos cartos que me pasa un cuñado, estou na rúa, con muller e fillos. Así de claro". Quen isto afirma non é unha/un inmigrante chegado ao País tras múltiples penurias e atrancos e que sobrevive contra vento e maré ao bordo da exclusión total. Nin unha/un marxinado. Ou un/unha desempregada de longa duración. Certo que todas estas persoas poderían subscribirlas. Mais, neste caso, esas 20 palabras pertencen a 'un coma nós', con toda a carga que esa frase, que diría un prototipo de cidadán/á medio sen se decatarse, implica.

Chámase José e vive coa muller e unha filla pequena nun barrio da periferia de Compostela. Nun piso de 75 metros cadrados e con 40 anos de antigüidade. Traballa. Mais é dese cuarto da poboación asalariada galega que, segundo o Gabinete Técnico de Economía da CIG a partir de datos da Axencia Tributaria galega, cobra de máximo o salario mínimo interprofesional. A compañeira, Carme, traballaba na limpeza casa por casa. Sen seguro algún nin cotización. "Mais o que gano é todo limpo para min". O vaso medio cheo que reporta ao mes uns 800 ou 900 euros. Xa que logo, neste fogar entran uns 1.500/1.600 euros ao mes. E non chega.

ESE UN DE CADA DEZ

Os datos oficiais do Instituto Galego de Estatística (IGE) referentes ao primeiro trimestre de 2012 sinalan que o 7,4 por cento dos fogares da Galiza tiveron que recibir axuda económica de amizades ou familiares para chegar a fin de mes. A comezos de 2010 esa porcentaxe era do 6%. No censo de 2010 do propio IGE cifrábase o número de fogares existentes na Galiza en 1.054.716. Por tanto, ese 7,4% de fogares que depende das achegas de familiares e amig@s para cadrar as contas mensuais supoñen preto de 74.000.

Mais nese estudo tamén se recollen outros datos e cifras que evidencian a gravidade da crise e o seu impacto nas familias e fogares. Un exemplo? Pois que o 24 por cento das familias tiveron que diminuír os gastos comúns (roupa, calzado, transporte...). Ou que catro de cada cen fogares tiveron que solicitar préstamos para facer fronte a gastos correntes ou a aprazar pagos.

Alén diso, un 35 por cento dos fogares galegos, un de cada tres, mudou os seus hábitos de compra para mercar a cada vez máis marcas brancas (algo que non se lle escapa ás grandes superficies) ou produtos en oferta.

Non en van, e tal e como se recolle na enquisa conxuntural aos fogares galegos



Un 7,4% de fogares galegos depende das achegas de familiares e amig@s

O 1,5% das persoas asalariadas de maiores ingresos acaparan unha maior porción da masa salarial que o 27% de menores ingresos

"Se non é polos cartos que me pasa un cuñado, estou na rúa, con muller e fillos. Así de claro"

elaborada polo IGE, o 41,5 por cento as familias da Galiza recoñecen que chegan con 'dificultade' a fin de mes, e un 6,5% fano con 'moita dificultade'.

PERDER O SONO E O SOÑO

Os fogares que tiveron algún atraso no pago de recibos de obrigados cumprimento, tales coma a hipoteca ou o alugueiro da vivenda, son xa a comezos de 2012 un 6,6 por cento dos existentes na Galiza. O propio IGE sinala que xa en 2008, antes da chegada da crise, había 45.000 familias galegas que recoñecían atrasos en pagos coma o recibo das hipotecas (8.500 familias), o alugueiro (6.300) ou nos recibos de auga, luz, comunidade... (16.000 fogares).

A hipoteca sobre a vivenda principal é, neste sentido, a cadea que pendende sobre 220.000 fogares galegos. A conquista dun soño que fai perder o sono ás familias. Perto de 15.000 recoñeceron, xa en 2008, que

7,4% Porcentaxe de fogares da Galiza que chegan a fin de mes grazas ás achegas de amizades e familiares.

23,8% Familias galegas que tiveron que reducir os seus gastos comúns (roupa, calzado, transporte...)

6,6% Porcentaxe de fogares que teñen atrasos no pago de recibos de obrigados cumprimento (hipoteca, alugueiro vivenda...)

47,6% son as familias que recoñecen chegar a final de mes con moita ou bastante dificultade

tiveron algún retraso ao cumprir cos pagos derivados desta obriga. E esa cifra de certo que aumentou coa chegada da crise.

THATCHER NA GALIZA

"A sociedade non existe". Afirmouno, rotunda, Margaret Thatcher na Gran Bretaña a mediados da pasada década dos oitenta. Só había individuos a navegar por si propios nas augas da economía de mercado. E no ano 2012, Galiza semella dirixirse cara ser un banco de probas da máxima thatcheriana. O 1,5% das persoas asalariadas en Galiza de maiores ingresos (máis de 7,5 veces o SMI, salario mínimo interprofesional) percibiu o 7,7% do total das rendas salariais galegas. Os números falan por si propios: o 1,5% das persoas asalariadas de maiores ingresos acaparan unha maior porción da masa salarial que o 27% de menores ingresos.

E a isto hai que engadir a alerta dada nestas semanas pola European Anti Poverty Network (EAPN): O número de persoas que viven en situación de precariedade económica na Galiza ascende xa a 600.000, segundo datos dun recente estudo realizado por esa rede. Alén diso, unhas 100.000 persoas están afectadas pola pobreza severa no noso país. Así mesmo, a subsistencia de unha de cada tres familias da Galiza depende das pensións de xubilación ou das prestacións por desemprego, segundo o estudo do Instituto Galego de Estatística citado. Canto á situación a nivel estatal, a cifra de persoas que viven de forma precaria elévase xa aos 10 millóns, segundo EAPN, mentres que o dato sitúase en 17.000 afectados cando a referencia é a capital da Galiza, Santiago de Compostela. ❧



NGB precisa 4.500 millóns de euros máis para se sanear e pode ser subastada en outono

É a cantidade requirida para cumprir cos 2 real decretos do Goberno para provisionar posibles perdas derivadas de activos tóxicos e do negocio do ladrillo

Xesús Manuel Piñeiro
Imaxes: SG

O número 2 do Banco de España vén de desvelar que Novagalicia banco precisaría 4.500 millóns de euros para se sanear. Alén diso, hai moitas posibilidades, tería recoñecido Javier Ariztegui, que NGB saía a subasta en outono. Uns anuncios que veñen culminar uns meses críticos para a entidade financeira galega.

"Cando os números falan, sobran as palabras", di o vello refrán español. Mais ás veces son mester palabras e palabras para destacar o sentido real dos números, que alomenos no último balance de Novagalicia Banco, correspondente a 2011, non son neutrais. A auditora Deloitte presentou nunha comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), unha salvedade ás contas de 2011 de Novagalicia Banco por apuntar 1.911 millóns de euros en créditos fiscais que, na súa situación actual, terían unha máis que difícil recuperación.

É dicir, que a consultora Deloitte, encargada dos labores de auditoría dos bancos auxiliados polo Estado, fai unha chamada de atención sobre a existencia dun desequilibrio patrimonial, o que popularmente se denomina "un burato", duns dous mil

millóns de euros.

Uns cartos, estes 1.911 millóns de euros, quer só poderían facerse efectivos se hai beneficios. E a tesitura actual de NGB non permite albisar un escenario así, máxime cando a entidade pechou 2011 con perdas de 169 millóns de euros, o 69,5% das cales proceden da actividade financeira e o resto da división industrial.

Estes dous mil millóns de euros son resultantes do suposto aforro fiscal nun futuro que o banco galego se atribúe nas súas contas de 2011 e que, actualmente, é imposible asegurar que o logren. De feito, os auditores afirman textualmente no seu comunicado á CNMV que "A data actual non se dispón de información suficiente para concluir se se xerarán as bases impositivas positivas que permitan recuperar os activos fiscais diferidos que a 31 de decembro de 2011 ascenden a 1.911 millóns de euros".

BALANCE PREOCUPANTE

En resumo, Deloitte pon en dúbida que NGB sexa quen de xerar beneficios suficientes para recuperar eses dous mil millóns de euros en activos fiscais diferidos (créditos fiscais, que xeran as entidades cando incorren en perdas). De feito, nas contas de Novagalicia Banco de 2011 a entidade recoñece unhas perdas de ca-

se 169 millóns de euros (en concreto, 168.700.000).

E a isto hai que engadir outros datos incluídos nese balance de 2011 e non menos preocupantes, como unha fuga de depósitos de 2.035 millóns de euros e unha exposición a créditos dúbidosos de 2.050 millóns. Ao que hai que engadir que a entidade presidida por José María Castellano diminuíu o volume de crédito a particulares e empresas en máis de 3.770 millóns de euros, un recorte na inxección de liquidez ao tecido produtivo con consecuencias claras na economía da Galiza

ESPADÁ OU PAREDE

Os propios auditores recollen que os responsábeis de NGB propuxeron ao Banco de España dúas opcións ou alternativas para corrixir a situación na que se atopan. Ben captar investidores privados que merquen a participación do FROB (Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, propietario do 90% do banco galego tras a nacionalización de setembro do ano pasado coa inxección de 2.400 millóns de euros) ou ben unha sorte de 'saída a bolsa encuberta' coa emisión de obrigacións que de por si serían convertíbeis en accións ordinarias de Novagalicia Banco. Esta segunda alternativa tivo xa o rexeitamento do organismo supervisor. ❏

A FIRMA QUE AVALOU A FUSIÓN DE CAIXANOVA E CAIXA GALICIA SERÁ A QUE AUDITE DE NOVO AS CONTAS DE NGB

A nova avaliación exixida por Estado e mercados das contas e da situación de Novagalicia Banco (NGB) será realizada con case toda probabilidade por KPMG, a auditora que hai dous anos 'fichou' o goberno de Núñez Feijóo tras pagar un millón de euros para analizar a fusión entre Caixanova e Caixa Galicia e que deu o visto bo a operación.

O informe feito naquela altura por KPMG (unha das 'big four', denominación coa que se coñece ás catro grandes firmas que no Estado español se reparten o pastel das auditorías ás empresas do IBE 35) dando os parabéns a unha fusión das dúas entidades financeiras galegas. O informe de KPMG sinalaba incluso que o banco resultante da fusión sería solvente e mesmo daría beneficios no seu primeiro ano. Unhas conclusións avaladas naquela altura polo Banco de España e os organismos europeos.

Mais a realidade foi outra. Máis ben, toda a contraria. Ata o xoves 30 de setembro de 2011, Novacaixagalicia Banco (actualmente Novagalicia Banco) dispuña dun capital básico de máis de 1.700 millóns de euros, achegados pola fusión de Caixa Galicia e Caixanova, e de conformidade coas previsións da auditoría de KPMG. O 31 de setembro de 2011, e unha vez revisadas e comprobadas as contas consolidadas e austeras contábeis, o Banco de España reducía ese capital básico a 181 millóns de euros. Foi entón cando, para evitar o derrubo da nova entidade financeira galega, o Estado inectou perto de 2.500 millóns de euros o que lle facía propietario do 96% do banco.

AUDITORAS TODOPODEROSAS

KPMG é unha das catro 'big four', denominación coa que se coñece ás catro grandes auditoras que operan no Estado español en rexime de case oligopolio. Entre KPMG, Deloitte, Ernst & Young e PWC auditan todas as contas das empresas do IBE 35. Unha relación que, ao abeiro de todo o temporal que sacude á rede financeira española, está a levantar interrogantes sobre o papel destas firmas, todas elas de raíz estadounidense. O número medio de anos que unha mesma auditora leva controlando as contas dunha compañía do IBE 35 é de 12. Período para que se establezan lazos e relacións alén de toda obxectividade, sinalan os críticos co 'oligopolio' auditor.

O desastre que os ninguén quixo ver e ninguén sabe atallar

Bankia é só o último chanzo dunha longa cadea de decisións políticas e económicas, con responsábeis, a nivel estatal, europeo e internacional que deixan o Estado español ao bordo do rescate

Xesús Manuel Piñeiro
Imaxes: SG

Non será nin pola débeda pública, nin polo gasto social nin por vivir a cidadanía por riba das súas posibilidades. Ningunha destas circunstancias, tan esgrimidas desde que a crise comezou a deixar pegada no Estado español para xustificar austeridades e recortes e dar unha versión 'oficial' do porqué das dificultades económicas do país, serán as que obriguem o rescate do estado. A intervención deberase a que o Estado español non ten cartos abondos para cubrir a desfeita do seu sistema bancario. Un escenario que non pode entenderse aludindo simplemente a erros de xestión, por moi graves que fosen, de responsábeis de bancos ou a arriscadas operacións financeiras á marxe de toda lóxica e control.

O escenario actual que atravesamos o Estado español e boa parte da Eurozona é a consecuencia lóxica dunha cadea de decisións políticas e económicas que, na pasada década dos noventa, alteraron substancialmente o sistema económico e financeiro internacional. Así o sosteñen voces como o catedrático de Economía Aplicada Xavier Vence ou os economistas Aleixo Vidal e Alberte Souto. Unhas reflexións en que coincide o secretario nacional de CIG-Banca, Clodomiro Montero.

A TORMENTA PERFECTA

A mediados da década dos noventa comezaron a tomar forma nos mercados internacionais as decisións de liberalizar fluxos de capital á vez que se desregularizaban os controis existentes sobre estes movementos. Unhas decisións que respondían a unha ideoloxía, a neoliberal, constituída xa como hexemónica, no sentido gramsciano da palabra, até sobrepassar os lindes da dereita ou centro-dereita para ser partillada tamén por certo sector da socialdemocracia.

Esas decisións axiña tiveron consecuencias: "Houbo unha abundancia de diñeiro flotante nos mercados mundiais financeiros, favorecida por decisións da Reserva Federal de Estados Unidos, e iso fixo que os produtos ligados á débeda entrasen en expansión", sostén Xavier Vence. O catedrático sinala que ese escenario fixo apetitoso e moi fácil ao sistema financeiro español 'recorrer aos mercados internacionais na procura de cartos'. De aí que

Aleixo Vilas : "Non se debe de responsabilizar da crise só a erros puntuais ou de xestión, senón a un modelo que apostou por desregularizar o movemento de capitais e favorecer a financeirización económica".

Xavier Vence : "Temos que sacar leccións da crise: regular de forma estrita a especulación nos mercados financeiros".


a banca española "se endebedase no exterior para prestar no interior".

E aí vén a segunda pata do banco, a facilidade (e a necesidade) da banca para prestar. Unha política favorecida por tipos de xuro moi baixos que provocaron unha expansión do crédito, "sobre todo o hipotecario", apunta Vence.

Nesa mesma liña móvense Aleixo Vidal e Alberte Souto á hora de explicar o acontecido. "A preeminencia dun modelo financeiro e especulativo sobre a economía produtiva" derivou, entre outras consecuencias, na forte dependencia do ladrillo da banca española. Unha dependencia 'maquillada' nos balances de bancos e caixas, como apunta Clodomiro Montero, de CIG-Banca.

E CHEGOU 2007

En 2007 estoupou en EEUU a burbulla financeira e inmobiliaria, coa consecuencia inmediata de interromper a liquidez nos mercados internacionais. Péchase a billa e a banca española atópase en altos niveis de endebedamento con eses mercados. "Non pode negociar os niveis de débeda e non pode captar cartos no exterior. E tampouco, no interior, pode vender para



Bolsa de Frankfurt

devolver o que pediu prestado fóra", explica Xavier Vence.

En 2007, por cada 100 euros que as e os clientes tiñan depositados na banca española, esta tiña prestados 140, segundo Montero, que incide en que son datos oficiais do Banco de España. Cifras que amosan até que punto debía a banca hispana.

E a crise que emerxeu en EEUU chegou a Europea e ao Estado español. "Nin a banca nin os principais partidos españois foron conscientes do que iso supuña, coidaron que era algo coxuntural e non o esgotamento dun modelo de negocio. E esa reflexión levou a que prolongaran o problema", indica Vence. "Focalizouse moito o problema en subprimes e sen centrarse no principal, unha crise de modelo, que é o neoliberal", reflexionan Vilas e Souto.

E todo isto xogouse nun campo en que ferramentas e instrumentos como o Banco de España ou o Banco Central Europeo non cumpriron coas súas responsabilidades de supervisión e control. "A política monetaria do Banco Central Europeo foi sistematicamente a que interesou á banca alemá, non a doutros países de Europa".

Alén diso, o interese económico da gran banca por concentrar o 'negocio' e o interese político de PP e PSOE por deixar as comunidades autónomas á marxe do sistema financeiro confluían nunha reordenación do mapa e entidades que se traducen nunha eliminación das caixas de aforro. "Quixeron concentrar e centralizar", indican desde a CIG-Banca, mentres que Vence denuncia que "aquí centráronse máis

en desmantelar as caixas que en resolver os verdadeiros problemas de fondo".

Así pois, a combinación de todos estes factores levou a que o sistema bancario español estea a facer augas, ameazando mesmo con arrastrar o estado nun rescate que, sexa encuberto ou non, acabará pagando a cidadanía.

ALTERNATIVAS

Todos os consultados coinciden en apuntar que hai solucións e alternativas. "Hai que cambiar o modelo, claro está. Incluso nos anos de bonanza económica seguiron a aumentar as desigualdades sociais", reflexiona Aleixo Vilas. Alberte Souto entende que a crise tamén é unha oportunidade para tirar leccións, e que "hai que ir a modelos onde os estados teñan capacidade real de intervir, en materia fiscal ou ben en sectores estratégicos".

Para Vence, é posible camiñar cara a un cambio. Un percorrido que non é utópico e que podería comezar a facerse con medidas relativas á regularización estrita da especulación nos mercados financeiros (eliminar paraísos fiscais ou impoñer impostos aos capitais especulativos, por exemplo) e de poñer en marcha instrumentos que permitan outro desenvolvemento económico.

Neste segundo punto, entraría a banca pública, un instrumento existente en numerosos países, de Brasil a Alemaña ou Noruega, e que no Estado español sería factíbel, por exemplo en Novagalicia Banco, onde a inxección de cartos públicos para evitar que se afundise fai que o estado posúa o 93% da entidade. ❏



O temario de 'Educación Cívica e Constitucional' terá "un contido ideolóxico retrógrado"

Educación para o sometemento

A Xunta aplicará na Galiza o novo currículo de Cidadanía, ao ditado do Goberno español, da Igrexa católica e do capital.

Beti Vázquez
Imaxes: SG

"Que condicións se deben cumprir para que a Cidadanía non sexa tan só unha ilusión?", preguntáronse @s autor@s do libro 'Educación para a Cidadanía. Democracia, capitalismo e Estado de Dereito'. Das páxinas tírase a resposta a tal cuestión, que pasa por facer agromar un espírito crítico que permita ver a realidade reflectida en todos os espellos posibles.

Fronte a isto, o temario impartido na materia do mesmo nome mudará no vindeiro curso académico para eludir a homofobia e as desigualdades sociais; para incorporar un único modelo de familia e unha única sexualidade; e para denunciar o "nacionalismo excluínte". O novo currículo anunciouno hai 20 días o ministro español de Educación, José Ignacio Wert. Euskal Herria e Catalunya anunciaron xa que aproveitarán a marxe do 45% que lles dá a lingua propia para corrixir as intencións do PP. Galiza ten a mesma posibilidade de manobra. Porén, a Xunta aínda non dixo ren.

QUEN CALA, OUTORGA

Desde CIG-Ensino condenan este silencio, e atribúeno á consideración que

ten a consellería de Educación, "un baluarte ideolóxico do PP". O responsábel nacional desta federación dentro do sindicato nacionalista, Anxo Louzao, alerta de que "estamos ante unha materia á que se lle pretende dar un contido ideolóxico retrógrado, fronte á posta en valor dos dereitos fundamentais".

Follear o caderno de traballo de Aldán permite trazar un percorrido polas reflexións del e d@s compañeir@s ao redor da liberdade, da violencia machista e o custo humano e emocional dos malos tratos ás mulleres ou das raíces da pobreza e a responsabilidade dos países do Norte deixarán de imprimirse.

Mudará até o propio nome da materia, que pasará a se chamar Educación Cívica e Constitucional. A nova denominación evoca a Louzao tempos pretéritos: "acordeime daquela que se impartía no franquismo, Formación del Espíritu Nacional".

EDUCAR NA DOCTRINA DA IGREXA E DO CAPITAL

Co novo temario, o goberno español cede espazo á Igrexa católica e aos colectivos afíns, baixo o argumento de "eliminar as cuestións controvertidas e susceptibles de adoutrinamento ideolóxico" --segundo Wert-- nunha materia que se impartía só unha hora á semana. Defender a iniciativa privada á hora de

xerar riqueza e axitar na mocidade as ansias de competencia fronte ás alianzas que se procuraban até o de agora son, para CIG-Ensino, máis dúas mostras da sociedade "clasista" que agocha o novo currículo. Euskal Herria e Catalunya rexeitaron impartiren Educación Cívica nos seus centros de ensino, e Andalucía fixo o propio, a pesar de que ao non ter lingua propia só pode achegar o 35% dos contidos.

"A Xunta de Galiza non se vai opor, aínda que o currículo inclúe aspectos que poñen en tela de xuízo o carácter plurinacional e plurilingüístico do Estado español", insiste Louzao, acusando a consellería de Educación de non ter en conta "a nosa sociedade" e de valer-se do ensino "para trasladar valores que debesen estar suprimidos".

Nos libros de Cidadanía polos que Aldán estudou nestes cursos saía o voto feminino, con imaxes de Emmeline Pankhurst e de Clara Campoamor. Chamaban á reflexión sobre os dereitos das persoas inmigrantes. E propuñan traballar en equipo ao redor da igualdade entre mulleres e homes.

O ano que vén nas aulas da ESO non se falará destas cousas, pois o currículo de Ética tamén se verá modificado, reproducindo as leccións coas que a dereita española educa para a Cidadanía. ❏

INICIATIVA SOCIAL

'Meigas Radioactivas'. Feminismo nas ondas

Falar de feminismo é falar dun fumareu de sensacións en que non hai espazo para a indiferenza. E facelo diante dos micros de Cuac FM, a radio comunitaria da Coruña e unha das poucas que se poden ouvir na Galiza, é unha arriscada utopía que tornaron realidade un grupo de Meigas Radioactivas, mulleres que procuran aliad@s alén das ondas para unha causa que moit@s miran aínda de reollo.

'Meigas' pola caza de bruxas, pola forza que evoca e para se rebelaren contra a función de nai-espasacoidadora-reprodutora á que o poder do patriarcado pretende devolver ás mulleres. E 'radioactivas' "polo evidente", atalla Marta. "Queremos chegar ás feministas, mais, sobre todo, ás que non o son, á xente que descoñece o termo ou que caeu na idea perversa que desta loita existe". É este o punto primeiro da folla de ruta que seguirán os programas. De momento, vai un.

"Estamos en Cuac porque rabeaban por unha iniciativa así, e porque non cabería nunha emisora comercial", ao alentar o de-

"Queremos chegar ás feministas, mais, sobre todo, ás que non o son, á xente que olla de esguello esta loita"

bate desde un pensamento crítico que cuestionaría un sistema, o capitalista, que os medios de comunicación de masas defenden e sosteñen. As Meigas non van falar da actualidade. Daranlle a volta en clave feminista, chamando a cada cousa polo seu nome. Divulgarán as loitas das mulleres, na Galiza e fóra dela, e farán que resoee aquí o eco das voces do Sur.

Nas dúas horas que estarán nas ondas haberá tempo para raxar co tabú do sexo, para falar de sexualidade(s), de pracer, de orgasmos. A quinta que vén a crise será a protagonista. Mais non se darán cifras, senón razóns para por en valor a calidade de vida, a economía dos coidados, para escaravellar no asfalto até atopar a terra. **B. V. ❏**

Galauda, catorce anos de intercambio lingüístico galego-catalán

Unha proposta pedagóxica que partiu d@as docentes que estudaron lingua e literatura galegas na Universitat de Barcelona pasou a ser unha das experiencias máis interesantes para o noso idioma no exterior. A idea: ofertar en centros de ensino medio galego en Catalunya e catalán na Galiza.

Antón Escuredo
Imaxes: Riobó Prada

Falar de Galauda é falar da vontade do profesorado galego, ou namorado da nosa cultura, que reside en Catalunya. Foi ao rematar os cursos de Lingua e Cultura Galegas da Universitat de Barcelona (U.B.) cando unha parte do alumnado, docentes de ensino medio, propúxose levar o galego ás aulas dos seus centros. A primeira clase de lingua e literatura galegas foi no IES Parets del Vallès, no curso 1998-1999, grazas ao profesor Lois Vázquez e á confianza da directora do centro, Neus Bulbena. O éxito da experiencia foi tal que obrigou a duplicar a oferta para o curso seguinte, e a

consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta e o Departament d'Ensenyament de la Generalitat de Catalunya asinaron un protocolo de colaboración para a promoción lingüística da lingua galega e catalá na oferta educativa dos centros de ensino dependentes das dúas consellerías. A parte catalá cumpriu e catorce anos despois máis de 1.000 alumnas e alumnos pasaron por aulas de galego. A parte galega non se materializou e até hoxe só houbo un par de experiencias en Meira e Gondomar grazas aos profesores Eduard del Castillo e Anxo Marino.

COMO OBXECTIVO A INTERCULTURALIDADE

"Aspiramos a que o que aprendan de interculturalidade do catalán e o galego lles sirva na súa vida", apunta como obxectivo desta experiencia Sabela Labraña, profesora da U.B., directora e Coordinadora de Galauda. Para esta profesora a participación nestas aulas xera unha imaxe dunha cultura que non tiñan. "Penso que a cohesión social do Estado español pasa polo respecto entre as comunidades que o formamos e Galauda realiza este traballo de cohesión", afirma con seriedade. Despois de tantos anos e con tantos centros como pasaron polo proxecto agarda que na Galiza haxa un compromiso tamén co catalán. "Depende dos centros de ensino e de que a administración aposte por profesorado itinerante con competencias na materia", asegura. "é unha mágoa que os cativos e as cativas galegas non se podan beneficiar dun proxecto coma este".

MATERIAL PROPIO

O proxecto Galauda conta cun manual propio adaptado ás aulas que imparten Gramática, literatura, historia, xeografía, ortografía e etnografía explicadas nun compendio auto-publicado en 2007. Ademais editaron unha antoloxía de contos



Estudiantado catalán de lingua galega, en Compostela

presentados ao concurso literario *Contos no Mediterráneo*, creado polo Lectorado de galego da UAB, entre os anos 2008 e 2011.

Unha das actividades máis creativas de Galauda é *O Catalizador*. Feito polos rapaces e rapazas que estudaron a nosa lingua, trátase do primeiro fanzine galego-catalán. O nome xorde de xuntar Catalunya mais Galiza, ao tempo que quere transmitir esa idea de punto de encontro. O primeiro número saíu en 2009 coa axuda do debuxante Anxo Baranga, e co gallo de participar no Saló del Còmic que anualmente se desenvolve en Barcelona.

Por último, de xeito informativo, contan cunha páxina web en que penduran todo tipo de documentos, fotografías e as experiencias vividas nas viaxes a Galiza que realizan desde o comezo desta actividade de cada ano polo mes de maio.

"CANTAS MÁIS LINGUAS SE APRENDAN MELLOR"

Sofía, María e Albert naceron en Catalunya, teñen 15 anos e partillan aulas de 3º de ESO no INS "La Sedeta" de Barcelona. Non teñen máis relación co noso país que formar parte dos 54 estudantes de ese centro que se decidiron polas clases de lingua e cultura galegas que ofertaba o centro como optativa a relixión. Unha hora semanal non dá para moito mais falan como se levasen máis tempo en contacto con Galiza.

"Fixemos exposicións orais sobre diferentes zonas e escoitamos cancións tradicionais", comenta Sofía tomando a iniciativa. Aínda non teñen soltura no idioma e prefiren falar da súa experiencia práctica. Primeiro a paisaxe. "Tiña a idea dun país bonito mais sorprendeume unha vez aquí. As cores son diferentes", sinala Albert. A breve conversa antes de seguiren coa visita

a capital galega dirixese cara ao tema da lingua. Non teñen medo ningún de criticaren o que viron estes días de viaxe entre A Coruña, Navia de Suarna e Compostela. "O que me estrañou, por exemplo, é que as indicacións dos sinais e os letreros non están en galego", apunta María. "Onde vivimos cando están en castelán os veciños e veciñas reclaman o cambio", asegura. Postos a falar a propia María vai máis alá e afirma que atopa "estraño que o goberno galego non defenda a lingua do pobo". Nótase que información teñen abonda posto que en poucos minutos repasan a actualidade política galega, iso si, ao seu xeito. Gustaríalles que a experiencia que viviron estes días tamén a tivesen co catalán estudantes do ensino secundario galego. "Non sería moi difícil aprender catalán igual que para nós non foi moi difícil aprender galego", argumenta Sofía. A conversa remata cunha análise madura de Albert que pensa que "hai xente que non está de acordo e non queren aprender linguas senón optar polo máis fácil que é impoñer a súa, o castelán" e a afirmación que comparten (ás tres): "cantas máis linguas se aprendan mellor".

SIMPATÍA POR GALIZA

Carme López, profesora xubilada, é voluntaria no proxecto Galauda nas aulas que se imparten no INS "La Sedeta". Vive en Barcelona desde os oito anos mais naceu en Meirados do Courel. Xunto a Lluís Pedemonte, profesor de catalán, imparten lingua e cultura galegas. "Foi unha grande experiencia", asegura Carme. "A maior parte do alumnado é catalán e teñen moita simpatía por Galiza", indica Lluís. Levan aínda poucos días de viaxe mais recoñecen que está a ser moi pedagóxica. "En Navia de Suarna estivemos co alumnado que fixo un traballo sobre Catalunya e as nosas alumnas están encantadas", asegura Carme. Ao falar de lingua amb@as docentes teñen a seguridade de que a defensa do idioma é moi importante "se non queremos renunciar a nosa cultura como nación". Sorprende descubrir que o proxecto Galauda, ademais, é unha importante vía de acceso ao turismo. "Máis da metade do alumnado deste ano quere volver coa familia no verán e noutros cursos pasou o mesmo", asegura Carme.

Chegado o punto de falar do futuro do proxecto non se lles escapa a actual política de recortes que están a desenvolver os gobernos de Catalunya e Galiza. "Non sabemos que vai pasar o ano vindeiro, agardamos que non afecte a nosa actividade que xa ten un orzamento moi reducido", di Carme. ❏

@s idos@s de Valadares levan dous anos ollando cara ás obras

O centro de día da parroquia viguesa daría atención a 80 persoas. Para a funcionar cómpre un investimento de menos de 100.000 euros

Sermos Galiza
Imaxe: A.B.

A parroquia de Valadares, en Vigo, leva máis de dous anos esperando polo seu centro de día. As obras de construción, executadas nunha parcela que o Concello cedeu á Xunta de Galiza, iniciáronse xa nos anos do bipartito e remataron en 2010. Desde aquela, BNG e PP veñen denunciando que o Goberno municipal --PSOE-- non realice as acometidas de auga, gas, electricidade e telefonía, mantendo inutilizábel a instalación.

“É outra póla máis da liorta que manteñen --Alberto Núñez-- Feijóo e --Abel-- Caballero pola Cidade da Xustiza ou polo aeroporto”, explicou Iolanda Veloso, edil do BNG. Segundo valorou, o anaco de terra entregado para edificar o centro de día “debera estar urbanizado”.

A mesma parcela, repartida en tres, serviu de ubicación a unha escola infantil e aos locais de ensaio. No primeiro edificio “non hai teléfono e usan móbiles”. Os locais de ensaio comezaron a seren usados por iniciativa da concellaria da Xuventude “aínda co risco dun cambio de tensión que estrague os aparellos”, perante o risco de quedar sen garantía para amañalos se non funcionaren. E mentres, Caballero “dedicase a humanizar rúas con cartos públicos”.

COIA ABRE AS PORTAS ANO E MEDIO DESPOIS
Recentemente, o PP presentou unha moción que foi apoiada polo BNG en que ambos os grupos instaron o Concello a que dote de servizos o centro de día. Porén, desde o Goberno local, Abel Caballero tira a pelota até o tellado da Xunta e trasladalle a responsabilidade das obras. “No documento de cesión non di nada, mais enténdese que unha parcela se cede urbanizada”, insistiu Veloso, para quen as palabras do rexedor vigués “só son escusas”.

“Están a paralizar absolutamente todo, e aforran os cartos das partidas que fican sen executar”.

Alén de Valadares, cuxa xestión, segundo o PP, xa foi contratada no ano 2011, outro centro de día que sufriu o turra e afrouxa entre Feijóo e o concello é o que o BNG deixou levantado no barrio de Coia antes de saír da Xunta. “Quedou listo para abrir antes das eleccións de 2009, e Beatriz Mato --conselleira de Traballo e Benestar-- inaugurouno o dous de novembro de 2010”, recordou a edil nacionalista.

PECHAN 'GALESCOLAS'

No mesmo acto, Mato anunciou a apertura do edificio de Valadares “nos próximos



Instalacións do centro de día en Valadares

meses”, alén de máis dúas escolas infantís. Ningún dos espazos iniciou a actividade. Ao contrario. Desde entón até hoxe foron dúas as escolas que botaron o peche: a da rúa Palencia e a do Noyal.

“En tres anos non se acordaron de pedir a realización das obras precisas para abrir”, criticou Veloso. Aínda así, recoñeceu que é “totalmente certo” que durante o mandato anterior o departamento de Urbanismo no Concello vigués solicitou de Vías e Obras --ambos os dous dirixi-

dos polo PSOE-- que se acometesen os traballos de urbanización da parcela. O PP non construíu ningún centro de día na cidade olívica desde que chegou á Xunta en 2009. Abriu un que quedara “completamente rematado polo BNG” e mantén pechado o de Valadares “por non terse ocupado dunhas obras que, en último caso, podería asumir”. Até 80 persoas estarían atendidas se a instalación abrise as portas. E abrilas custaría menos de 100.000 euros

Marga do Val
Escritora

Sermos Mosende

Recente o trompetelo, florecen palabras fortes e cantareiras para Sermos tamén en Mosende, na casa á beira do Campo do Balón, de onde saímos á escola unitaria, de nenas, logo até o Instituto do Porriño, máis tarde carreiro San Colmado arriba até a universidade que nacia. Quilómetros de estradas con sapos despois da treboada, cos bechos dos piñeiros na primavera, coas cerdeiras e as amoras pola beiras. Quilómetros de ensino público magnífico, non faltou o teatro, a lectura, nin os enredos e argalladas entre as mimosas. Aprendizaxe que nos fixo pertencer a este lugar, Mosende, onde sempre volvemos como o trompetelo, que chantou en nós palabras para Sermos. Botamos corpo dependendo do transformador da corrente, agardando o aumento da potencia da luz, que caía cando dalgún muiño moderno saía picón, arelando a chegada do teléfono. Pai traía as toallas de FENOSA para lavar e nai, con maxia, conseguía secar toda a roupa limpa que debía volver para Compostela o domingo pola tarde. Hoxe se vai vento, se chove, se se moven os piñeiros perdemos a imaxe da televisión, xa non é cuestión de antenas, e conseguir unha conexión a internet é complicado, xa temos teléfono, e é cuestión de antenas. Hoxe a carteira de cobros da empresa do meu pai pendura da lembranza, xa ningún coñece o cobrador, o carteiro di que non lle dá tempo a aprender os nomes da veciñanza do pouco tempo que lle toca. Hoxe é difícil explicar á xente honrada que me rodea que hai que andar con ollo, é difícil asumir que existe o engano cando se viviu toda a vida con honestidade e cando a maxia era o traballo. Xa ninguén entende os recibos do banco, os recibos que chegan desde o banco, o de FENOSA que xa non é, o de teléfono que xa non é. Xa ninguén entende os tendidos de luz. As toallas de Fenosa pararán no museo da cidade da cultura? Por iso a Mosende vai chegar *Sermos Galiza* con palabras fortes e cantareiras na lingua en que somos, para sermos banco, luz, auga, teléfono, ensino, sanidade de nós. *Sermos Galiza* en Mosende, o tendido de luz. Xa avisamos o carteiro.

opinión

Jon Garai: “O Acordo de Gernika non é un proxecto nacionalista”

Máis de 70 organizacións, entidades e colectivos de Euskal Herria apoian un documento para “un escenario de paz e solucións democráticas” que vén de ser presentado na Galiza

Sermos Galiza
Imaxe: X. Muras

O 25 de setembro de 2010 asinábase en Euskal Herria un pequeno en extensión, máis dun profundo calado político, documento, o Acordo de Gernika. Medio cento de axentes, entidades, partidos, sindicatos, colectivos e plataformas suscribían o texto, a través da cal a sociedade vasca facía unha proposta para “encauzar o conflito político e a confrontación violenta cara a un escenario de paz e solucións democráticas”.

Estes días estivo en Galiza unha delegación vasca para dar a coñecer o Acordo de Gernika. Mantiveron xuntanzas con organizacións políticas e sociais, así como encontros abertos coa cidadanía a través da Fundación Galiza Sempre. Un dos membros da delegación é Jon Garai, de Herrera, movemento de defensa dos dereitos dos e das presas políticas vascas e dos e das exiliadas.

“Había (en 2010) certo cansanzo e fastio na sociedade vasca tras tantas décadas de conflito”, sinala Garai. Mais iso non levou a un desleixo ou retraemento desa sociedade, senón que se foron facendo contactos e aproximacións entre diferentes axentes, o que callou no Acordo de Gernika. “Non estamos a falar dun proxecto nacionalista. É unha folla de ruta cara a un escenario sen violencia e para procurar solucións democráticas”. Unha folla de ruta sustentada en dous



Jon Garai, da plataforma Herrera, integrante do Acordo de Gernika

Aos seis meses de se asinar o acordo, ETA declara un cesar fogo “permanente, unilateral e verificábel”

“Había xa certo cansanzo e fastio na sociedade de Euskal Herria tras tantas décadas de conflito”

eixos principais: A fin de toda violencia e coerción para “un uso de medios exclusivamente democráticos e pacíficos para resolver as cuestións políticas”. E o recoñecemento ao pobo vasco do dereito a decidir.

Aos seis meses de se asinar o acordo, ETA declara un alto o fogo “permanente, unilateral e verificábel”, unha decisión que Garai considera de enorme transcendencia. “Se botamos a vista atrás e vemos todo o que pasou neste ano e medio decatáremonos da importancia dos pasos dados”. Mais recoñece que queda moito por andar, e que os Estados español e francés mantéñense aínda en ritmos e posturas “propias do pasado”.

Barack Obama e a 'Kill List'

O presidente de Estados Unidos aprobou persoalmente en tres anos de mandato 268 'asasinatos selectivos' por avións non tripulados en diferentes países

Sermos Galiza
Imaxe: SG

Unha vez por semana, sobre a mesa de Barack Obama na Casa Branca ponse unha listaxe en que figuran os nomes de supostos terroristas localizados pola espionaxe estadounidense (kill list). O presidente repasa os nomes un a un e decide contra que obxectivos actuar. Unha decisión que lembra as execucións extraxudiciais que desde hai anos realiza o Estado de Israel contra os e as palestinas.

Unha vez dado o visto bo, comeza un

operativo protagonizado polos drones, pequenos avións non tripulados que poden facer operacións de espionaxe e/ou de ataque (van artillados con mísiles). A operación non implica baixas norteamericanas, excútase a milleiros de quilómetros (e mediante un joystick) de onde se vai producir o ataque e non esperta oposición nas sociedades occidentais, como si o faría un ataque ‘convencional’.

Nas últimas semanas, reportaxes e crónicas de diferentes medios, desde The New York Times a Rolling Stone pasando por The Guardian, teñen abordado esta guerra secreta de Obama en países coma



Un Drone, avión non tripulado utilizado por EEUU para execucións extraxudiciais

Yemen ou Pakistán, entre outros.

Os ataques autorizados persoalmente por Obama contra o que EEUU considera obxectivos lexítimos terían causado centos de mortos entre a poboación civil, se-

gundo recollen algunhas reportaxes dos medios de comunicación, o que levou a gobernos, como o pakistaní, a expresaren ao goberno estadounidense o seu malestar con estas execucións sumarias.

MARIVÍ VILLAVERDE

"Agora sei que nunca vou esquecer o golpe militar"

QUE LLE OUTORGARAN O PREMIO DO DÍA DE GALIZA MÁRTIR E FOSE NOMEADA REPUBLICANA DE HONRA DEFINE, EN CERTA MEDIDA, UNHA DIMENSIÓN PRIVILEXIADA NA BIOGRAFÍA DE MARIVÍ VILLAVERDE. ESTAMOS DIANTE DA MEMORIA VIVA DA NOSA HISTORIA, A VOZ QUE DENUNCIA O HORROR DO FRANQUISMO E CONTRIBÚE A QUE A REPRESIÓN NON SE ESQUEZA

MARIVÍ VILLAVERDE
(Vilagarcía de Arousa, 1922)
Cumprí catorce anos cando chega a Francia no seu primeiro exilio despois do golpe militar de 1936. En *Tres tempos e a esperanza* relatou a súa biografía, na súa loita persoal e política contra o esquecemento.

Carme Vidal
Imaxe: Riobó Prada

A República é a súa infancia, o tempo feliz en Vilagarcía.

Lembro o día que o meu pai anunciou a súa chegada a casa, foi emocionante. Vilagarcía cambiou moito naquel tempo, de ser unha vila pequena foi agrandándose e mellorando en moitos aspectos. Non tiñamos unha praia en condicións e naquel tempo faise o proxecto da Compostela, onde se podía bañar, xogar ao tenis ou bailar pola noite. A mentalidade da xente tamén cambiaba. Chegou o cinema sonoro. De ser unha vila onde viñan barcos franceses e ingleses para coller xente que emigraba, con aquelas terribes despedidas, pasamos a ter motivos para sentirnos satisfeitos por ser de Vilagarcía.

Seu pai, Elipidio Villaverde, era entón alcalde.

Volcouse na transformación de Vilagarcía. Estaba feliz vendo os cambios e a modernización da vila.

En ningún momento contaron co que ía vir despois?

Non, en absoluto. Non digo que non houberese problemas, que os había. Nas primeiras eleccións deuse o debate sobre o voto das mulleres. Era absurdo que houberese deputadas e as mulleres non puidesen votar pero tamén é certo que logo se demostrou que o crego era quen mandaba, que influía de xeito tremendo no seu voto e iso explica o trunfo das dereitas.

Despois de 1936 comeza un longo exilio que tería varias etapas. Como lembra aquela primeira fuxida?

Cumprín os 14 anos na noite que cheguei a Franca, despois dunha longa viaxe en que atravesamos o estreito de Xibraltar. Lembro que cando o barco se puxo en marcha

comecei a chorar intensamente. Con esa viaxe perdía todo o que tiña, a familia que alí quedaba, os meus estudos, as miñas amigas, todo o meu pequeno proxecto de vida, porque tiña poucos anos. A sensación era tremenda. Non sabía cando podería recuperar algo de todo aquilo. Comecei a chorar e miña nai acariñoume e tentou consolarme dicíndome que non marchabamos para sempre, que algún día íamos volver.

Seus pais volveron algunha vez?

Nunca. Miña nai conseguiu voltar uns días a Vilagarcía para ver a familia pero ao meu pai non o deixaron. Nunca.

A súa biografía está marcada polo exilio. Que significa para vostede?

Unha gran perda. Conseguimos ir a Bos Aires porque tiñamos unha bisavoa de nacionalidade arxentina pero o goberno non axudaba os exilados. A maior parte dos que viaxaron no Massilia foron para Chile grazas a que Pablo Neruda conseguira os visados. O exilio era a gran perda. O médico Sánchez Guisande, por exemplo, tivo que repetir a carreira materia por materia cando gañara a cátedra de Anatomía Patolóxica en Zaragoza. Perdeu tamén os seus fillos e só os recuperou de maiores. Tamén había avogados que trataban os casos pero que asinaba era un arxentino xa que eles non podían.

Galiza non deixa nunca de estar presente e vostede toma parte de publicacións e teatro en Bos Aires.

Foi máis tarde porque quince días despois de chegar diagnosticáronme unha tuberculose que daquela era unha sentenza grave. Nunca perdín, sen embargo, a esperanza de recuperarme. Coñecera a Ramón na Franca e estiveramos xuntos só tres días pero quedamos os dous prendados. El pensaba vir a Arxentina pero detivérono e trasladárono a Ávila, un cárcere que Victoria Kent anulara por inhóspita.

Canto tardaron entón en volverse encontrar?

Non nos volvermos ver até cinco anos despois, na estación de tren de Redondela. El estaba aínda en liberdade condicional e non o autorizaron a irme recibir a Bilbao, onde chegaba o barco.

Comezan entón unha vida xuntos en que compartirían de novo o exilio.

Ramón rematara un maxisterio especial polo que lle outorgaban unha praza determinada. A el tocáralle Vigo pero nunca se incorporou. Só despois da ditadura unha iniciativa parlamentar permitiulle recuperar o seu posto e exercer tres anos como mestre. O exilio foi parte da nosa vida.

Do tempo en Bos Aires sempre lembra a imaxe de Castelao. Como é para vostede a súa memoria?

Son varias as etapas que lembro, a primeira cando aínda non estaba enfermo e asistía xunto a meu pai ás reunións de cada luns na casa de Manuel Puente. Castelao non estaba en ningún centro específico porque quería ser de todos e para todos co fin de que, malia as diferenzas entre uns e outros, todo o mundo traballase por Galiza. Era a figura para todo o exilio e tamén para os emigrantes. O día que morreu eu estaba diante do Centro Galego cando pasou a comitiva. Coches e máis coches pasaban con coroas e a xente que había por alí pensaba que era o enterro dun presi-

dente. Nin imaxinaban que un home chamado Castelao que chegara a Bos Aires había relativamente pouco tempo puidese mobilizar tanto.

Teima en que se restituía a verdade e se recupere a nosa memoria histórica. No seu libro *Tres tempos e a esperanza* afonda nesa idea.

Nunca a perdín e quixese non facelo até o momento da morte. Cando comecei co meu libro cría que podía esquecer todo o que acontecera e por iso tiña que deixalo por escrito. Estaba confundida porque agora sei que non o podo esquecer nunca. Son eu e todo o vivido e iso non mo pode quitar ningún. Transmitir a memoria naquel momento era como unha obsesión, ás veces mesmo me erguía da cama pola noite e me puña a escribir. Desde o punto de vista emocional foi moi importante porque a medida que escribía ía lembrando as pequenas cousas que pasaran, como se as revivira de novo.

Reside en Madrid, onde vostede e Ramón se instalaron á volta de Bos Aires.

Foi dezasete anos despois de ter marchado. Ramón tiña moitas ganas de volver e primeiro vin eu, despois de pasar un mes co meu fillo que estaba estudando en Checoslovaquia. Cando estaba en León, de camiño para Galiza, sentín que en Arxentina houbera un golpe e entón decidimos que iso pintaba moi mal e que o mellor é que eu non regresara e Ramón volvese en canto amañase alá as cousas. Fómolo buscar ao barco en Vigo e levamos un bo susto porque non baixaba. Estábanlle facendo un interrogatorio que só rematou dúas horas despois. Decidimos entón que o mellor era marchar para Madrid. A xente que quedara aquí era moi distinta dos amigos que el deixara, de feito, en Galaxia negáronse a publicarlle *O Naranxo*. En Madrid, atopárase co grupo de galegos do Clube de Amigos da Unesco foi unha verdadeira sorte. ☞

DEVOLVER AO POBO O QUE É DO POBO

Así mercaron o Pazo de Meirás

Manuel Monge
Imaxes: SG

"Devolver ao pobo o que é do pobo", así comezaba o manifesto que o actor Fernando Morán, veciño de Meirás, lía ao remate da II Marcha Cívica pola devolución do pazo de Meirás, que organizou a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica (CRMH) da Coruña o 18 de novembro de 2007. Non estamos ante un "regaliño" ao ditador Franco, senón ante un auténtico roubo ao pobo galego.

A iniciativa para mercar o pazo de Meirás aos herdeiros de Dona Emilia Pardo Bazán partiu do Gobernador Civil, dirixentes franquistas e empresarios, que formaron unha Junta Provincial Pro Pazo del Caudillo. Todos eles foron amplamente recompensados pois, como dicía Franco, "Nuestra Cruzada es la única lucha en que los ricos que fueron a la guerra, salieron más ricos".

A citada Junta Provincial utilizou todo tipo de presións, ameazas, extorsións e coaccións -propias da Ditadura en que se vivía- para descontar obrigatoriamente a empregadas/os públicos e traballadoras/es unha parte da súa nómina mensual (os recibos, que indicaban a contribución en pesetas, estaban encabezados por un "Saludo a Franco ¡ARRIBA ESPAÑA!"). Como a campaña foi un fracaso e a cantidade non chegaba para mercar o Pazo de Meirás, obrigouse tamén aos concellos a facer unha achádega do 5% do que ingresaban polo cobro da contribución. Segundo os arquivos municipais, o concello de Oleiros, por exemplo, entregou 9.000 pesetas.

Despois da adquisición do pazo de Meirás e da remodelación do edificio e xardíns, cumpre un total de 1,2 millóns de pesetas, procedeuse a doar o citado inmovible, con todo o mobiliario existente. Franco asinaba a aceptación o 5 de decembro de 1938. O documento dicía: "En el día 28 de marzo de nuestro segundo año triunfal año del señor de mil novecientos treinta y ocho, la Ciudad y provincia de la Coruña hicieron la ofrenda-donación de las Torres de Meirás al fundador del nuevo imperio, Jefe del Estado, Generalísimo de los Ejércitos y Caudillo de España Francisco Franco Bahamonde". Quedaba claro, xa que logo, que a doazón non se realizaba a un particular, senón ao Xefe do Estado. Morto o ditador, acabada a ditadura, o pazo debe ser recuperado para o patrimonio público.

Despois da adquisición do pazo de Meirás e da remodelación do edificio e xardíns, cumpre un total de 1,2 millóns de pesetas, procedeuse a doar o citado inmovible, con todo o mobiliario existente. Franco asinaba a aceptación o 5 de decembro de 1938. O documento dicía: "En el día 28 de marzo de nuestro segundo año triunfal año del señor de mil novecientos treinta y ocho, la Ciudad y provincia de la Coruña hicieron la ofrenda-donación de las Torres de Meirás al fundador del nuevo imperio, Jefe del Estado, Generalísimo de los Ejércitos y Caudillo de España Francisco Franco Bahamonde". Quedaba claro, xa que logo, que a doazón non se realizaba a un particular, senón ao Xefe do Estado. Morto o ditador, acabada a ditadura, o pazo debe ser recuperado para o patrimonio público.

Posteriormente a finca do pazo de Meirás foi ampliada ata dez hectáreas, sen ningunha garantía legal, recorrendo ás expropiacións forzosas doutras fincas e propiedades limitrofas, cos mesmos métodos de presións e coaccións que para recadar o diñeiro utilizado para a compra do pazo. Segundo testemuños de familiares expropiados, os propietarios afectados eran levados en vehículos militares a unha notaría de Betanzos para formalizar o cambio de propiedade e aqueles que se resistían a perder as súas terras eran ameazados con ser expulsados a Asturias.



Ernesto Anido, alcalde polo Partido Popular, e o exalcalde franquista, Ramón Rodríguez Ares, socio do PP, defenden hoxe en Sada que o pazo de Meirás siga en poder da familia Franco.

O concello de Carral contribuíu con 4.385 pesetas

O procedemento seguido no concello de Carral pode ser un bo exemplo das presións exercidas sobre a cidadanía para que entregasen cartos para mercar o pazo de Meirás. Esta documentación está nos arquivos do concello e foi trasladada á CRMH da Coruña pola Asociación Cultural Aberta de Carral.

A citada Junta Pro-Pazo enviaba unha carta ao alcalde de Carral:

La iniciativa de regalar al providencial Caudillo de los victoriosos ejércitos españoles, Excmo. Sr. Don Francisco Franco Bahamonde (Q.D.G.), un Pazo situado en la tierra que le vio nacer y, que en los próximos futuros días de paz, sea el lugar de descanso de la ingente tarea del Gobierno del Nuevo Estado de esta España Imperial, forjada por el valor de nuestros soldados guiados por su clara y gloriosa inteligencia, ha sido acogida con tal entusiasmo, que fueron muchas las personas que se han dirigido a esta JUNTA-PRO PAZO DEL CAUDILLO, exponiendo el deseo de colaborar en la realización de tan feliz idea. Todos, del mas potentado al mas

humilde, pueden poner su esfuerzo en la realización del proyecto, para que siempre puedan sentir el orgullo, de haber sabido homenajear al Salvador de España.

Adjunto tenemos el gusto de remitirle un paquete, conteniendo los siguientes impresos: PLIEGOS PARA LA RECOGIDA DE FIRMAS. HOJAS PARA LA CONFECCIÓN DE LISTAS. (Las personas que no supieran firmar, deberán ser anotadas en una casilla con su nombre y apellidos).

Nos permitimos indicarle la conveniencia, de nombrar comisiones que se compondrán, de dos o tres personas de significación en la localidad, quienes se encargarán de visitar personalmente a sus vecinicos, pudiendo ser varias estas comisiones, a fin de realizar esta labor rápidamente.

¡FRANCO! ¡FRANCO! ¡FRANCO! ¡ARRIBA ESPAÑA!!

La Coruña, Mayo de 1938. II AÑO TRIUNFAL

O alcalde de Carral, Laureano Núñez Rivas, convocaba o Xefe Local de Falanxe, mestras e mestres do concello, e seis párrocos a unha reunión para o 19 de maio dese ano "al preciso objeto de tratar sobre un asunto de excepcional importancia patriótica".

O 21 de maio de 1938 quedaban constituídas as "Juntas Parroquiales pro-pazo del Caudillo". En cada comisión, formada

por tres persoas, participaban mestras ou mestres, párrocos, concelleiros e falanxistas. Na acta asinaban todos eles debaixo dun texto que dicía: "Quedamos enterados y prometemos cumplir bien nuestro cometido".

Cumpriron as instrucións e, despois de visitar casa por casa os veciños, a campaña foi un éxito, xa que 819 familias pagaron ese "imposto revolucionario" (os fascistas adiantáronse case 50 anos aos métodos coactivos de ETA para recadar cartos) e aportaron 4.385 pesetas para que "el invicto Caudillo FRANCO venga a descansar en la tierra que le vio nacer, de la ingente tarea de conducir los Ejércitos Nacionales a la Victoria".

Sucedía todo isto no concello de Carral onde numerosos veciños foron asasinados polos fascistas, despois da sublevación militar de xullo de 1936, e moitos cadáveres apareceron nas cunetas das súas parroquias.

Persoas que participaron nas "achádegas voluntarias" e cartos recadados por parroquia:

O roubo non acaba aquí porque desaparecieron moitos obxectos que había no pazo cando se mercou en 1938; queimáronse libros da biblioteca de Pardo Bazán e durante moitos anos realizouse un auténtico espolio de patrimonio público, levándose ao pazo numerosos obxectos procedentes doutros edificios e propiedades públicas. O goberno municipal de Dodro e 18 asociacións deste concello esixían a devolución de todo o que levaron a Meirás: pedras do pazo de Bendaña, figuras da capela, escudos, gravados, etc. O concello de Muxía -recollendo a acta levantada, daquela, polo párroco- reclamaba á Xunta a devolución dunha pia bautismal (do mosteiro de Moirana) levada ao pazo de Meirás nos anos 60, por orde de Carmen Polo, esposa de Franco. Do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago levaron dúas esculturas.

Desde a declaración pola Xunta de PSOE-BNG do pazo de Meirás como Ben de Interese Cultural (BIC) en decembro de 2008, a familia Franco puxo todo tipo de obstáculos para impedir a entrada ao público, presentando recursos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e Tribunal Supremo, que sempre perderon.

A familia do ditador contou con conivencia da Xunta do PP, que nunca aplicou a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia de 1995. Sempre ao servizo da familia Franco, a Xunta permite o peche ao público do pazo de Meirás no mes de agosto e, por riba, dedica 23.000 euros, que pagamos todos, para a seguridade privada do pazo.

A Xunta debería realizar un inventario dos obxectos que hai actualmente no pazo e investigar sobre o que desapareceu, como vén reclamando a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña. Por outra parte, os concellos -comezando polos de Carral, Oleiros, Muxía, Santiago- deberían esixir a devolución do pazo de Meirás aos seus lexítimos propietarios, é dicir, o pobo galego. ☞

O fóra de xogo identitario

Belén Puñal
Imaxes: SG

Fútbol é identidade. Dende a ikurriña e a señera ondeando en mans de Xavi e Puyol tras saíren vitoriosos da final da Copa do Rei até a bandeira galega envolven-do o celtista Aspas no festexo do ascen-so, é obvio que cando gaña ou perde un equipo faíno tamén un nós colectivo que converte o campo de xogo en campo de batalla identitario. Mais, até que punto os equipos de Primeira galega, Celta e Depor, aproveitan esta forza de arrastre?

O fútbol -explicanos o psicólogo so-cial Xosé Manuel Sabucedo- pode axudar a crear unha identidade nacional en po-sitivo. Mais, para iso, sinala, convén que coincidiran dous factores. Que o equipo teña éxito, e que as persoas que o inte-gran (dende quen o dirixe a quen xoga) amosen orgullo das súas orixes. O bo fa-cer dos equipos galegos quedou patente na volta do Celta e do Depor á Primeira División. Máis o segundo dos ingredien-tes aínda non calou nesta apócema, con diferenzas notables, convén recoñecer, entre os dous equipos.

No Balaídos en festa da pasada fin de semana puidemos escoitar os xogadores falar na lingua do país, e o galego es-taba así mesmo presente nas pancartas, na música, no bus do equipo e na pro-pia megafonía que inundaba o estadio. A propia Mesa pola Normalización felicitou nunha nota o Celta. Unha actitude que se estende á afección. "Na federación de peñas facemos todo en galego", sinala o seu presidente, José Méndez. Porén, no Deportivo a lingua propia apenas é utiliza-da na súa engrenaxe oficial a non ser en



Seareiros nun encontro da selección galega de fútbol

chiscadelas puntuais nos últimos tempos en resposta ás reivindicacións que xorden dende a propia afección para tentar galeguizar o club.

O grupo "Por un Depor en galego" leva con esta teima dende hai dous anos, can-do abrollou no seo de Galegolab, unha organización sen ánimo de lucro que ten como fin o impulso de iniciativas do fo-mento da lingua en ámbitos con especial incidencia na vida cotiá. Nesta primavera fixéronlle chegar as súas reivindicacións por carta ao presidente do Deportivo, Au-gusto César Lendoiro, a quen tamén lle solicitaron entrevista, sen de momento resposta.

"Pedimos que se deixe de excluír a no-

stra lingua" -afirma Luis Couto, membro do grupo. "Nos estatutos do Deportivo -sinala Paco Roca, da peña deportivista de Vilal-ba e tamén comprometido coa galeguiz-ação do equipo- fálase da defensa da cultura galega, e non se están a cumprir". Agora, indican, comeza a percibirse algún cambio en resposta ás presións, mais até hai ben pouco, recorda Couto, o Depor era o único equipo de primeira e de se-gunda división que non utilizaba a lingua propia. De momento, os avances son máis ben simbólicos, como a utilización do ga-lego na megafonía do derbi Celta-Depor, a presenza da frase "Sentimento de pri-meira" no bus que transportaba o Depor triunfante, ou a impresión de camisolas

tamén en galego, xa esgotadas.

No emprego da lingua por parte dos xo-gadores inflúe a presenza ou non de xoga-dores galegos, canto que o Celta bota man da canteira e o Depor só ten dous rapaces do país como titulares. A galeguización na vida dos clubs ten que responder en todo caso a unha actitude que ha ser asumida de maneira consciente e comprometida. Porque o fútbol activa emocións ao redor da defensa dunhas cores e, ademais, crea modelos que a xente desexa imitar, tal e como lembra Sabucedo. Sábeo ben que ten na man o temón político. No recor-do queda xa a selección galega que foi borrada do mapa coa chegada de Feijóo a San Caetano. ❧

XADREZ ELÍAS XOSÉ GONZÁLEZ

Iván Salgado López é un xoven Gran Mestre galego nacido en Ourense o 29 de Maio de 1991, na actualidade Iván é o número 2 do xadrez español, olímpico e internacional coa selección absoluta, catro veces campión de España e subcampión mundial sub-18 en 2010. O seu último éxito internacional está aínda moi recente, o xoven deportista ourensán viaxou o pasado mes de Abril a Quito (Ecuador) para tomar parte no campionato Iberoamericano de Xadrez, onde conseguiu un sensacional triunfo a pesar de enfrontarse a rivais máis experimen-tados da elite mundial.



A continuación presentámoslles a partida da última xornada que enfrontou ao xadrecista galego co coñecido Mestre Peruano Julio Granda.

Branco: Iván Salgado (Galicia)
Negro: Julio Granda (Perú)

Campionato Iberoamericano,
Quito (Ecuador), 22 de Abril de 2012

1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Bb5

A coñecida como apertura "Rui López" bau-tizada dende hai preto de 500 anos con este nome, relativo a un párroco de Zafra (Badaxoz)

3...Cf6

O coñecido Mestre Peruano plantexa a Defensa Berlina, moi empregada nos últimos tempos por xadrecistas da elite mundial.

4.d3

Unha continuación de aparencia tímida aínda que moi de moda e que conta entre os seus adeptos coa xogadora número 1 do Mundo, a Húngara Judith Polgar, entre outros.

4...d6 5.c3 Bd7 6.0-0 a6 7.Ba4 g6 8.Te1 Bg7 9.Cbd2 0-0

10.Cf1 b5 11.Bc2 Te8 12.h3 Db8 13.Be3 Db7 14.Cg3 d5

15.Dc1 dxe4 16.dxe4 Ca5

Neste intre remata o que se denomina como

fase de desenvolvemento das pezas e ambos xogadores dan paso as hostilidades caracterís-ticas do mediocxogo, co seu seguinte movemento as brancas comenczan a definir o seu ataque sobre o aparentemente seguro monarca das negras

17.Bh6 Cc4 18.b3 Cd6 19.Dg5

A dama branca dirixese ao sector real, onde acompañada polas súas pezas menores, em-prenderá unha forte ofensiva

19...a5 20.Dh4 Dc6 21.Te3 b4 22.c4 Bb8 23.Td1 a4 24.Bg5 Cb7 25.Cf5!

o primeiro dunha longa serie de sacrificios que, neste caso, non pode ser aceptado polas negras, en caso de 25... gxí5 bastaría coa simple 26.exf5 para que a posición branca fose gañadora polo amplo abano de ameazas sobre a posición negra

25... axb3 26.Ch6+ Rf8 27.Bxb3 Cc5 28.Cxf7! Segunda entrega que neste caso as negras non teñen máis remedio que asumir

28... Rxf7 29.Bxf6 Bxf6 30.Dxh7+ Rf8 31.Ch4 Bxh4 32.Tf3+

Importante xaque intermedio que define a luita, en caso de 32.Dxh4 as negras poderían defen-derse con 32... Rg7!

32... Bf6 33.Txd7!

terceira entrega, preparando o ataque de mate final

33... Cxd7 34.c5

o ata agora "eclipsado" bispo branco de b3 re-mata por ver a luz ao longo da diagonal a2-g8, agora o binomio Bispo-Dama será imparabile polas casañas brancas

34...Te6 35.Bd5 Da6 36.c6 e as negras rinden (1-0)

Unha posición final na que o bispo de d5 é o actor principal desta partida dunha beleza imperecedeira.



REPRESENTANTES DOS SECTORES DENUNCIAN O DESMANTELAMENTO DA CULTURA AO VIVO

As artes escénicas galegas ao borde do abismo

As artes escénicas están ante unha das crises máis graves da súa historia. A asfixia á que as aboca a continua redución de apoios públicos colócaas ante unha situación difícil. A desaparición dos circuitos polos Concellos afonda na súa agonía.

Belén Puñal
Imaxe: Xaquín Soliño

As artes escénicas galegas están ante unha das crises máis graves da súa historia. A asfixia á que as aboca a continua redución de apoios dende a Administración colócaas ante unha situación de difícil saída. A desaparición dos circuitos polos Concellos afonda na agonía do sector.

Á progresiva diminución das axudas nos últimos anos, o atraso nos pagamentos e a falta de planificación, únese agora a po-sible desaparición do programa *Camiños de Cultura*, os antigos *Circuitos Culturais*, que supuña ao redor de 600 actuacións en toda Galiza e que deixará sen traballo e sen alternativa a profesionais do mundo da danza, da música, do teatro, da maxia, dos monicreques e do circo. Agudízase a incomunicación e o desencanto entre o tecido profesional e asociativo e a AGADIC, que non só fai oídos xordos ante as súas reivindicacións senón que mesmo lles ne-ga a súa representatividade.

"Estamos entrando nunha situación de precariedade alarmante", afirma Salvador del Río, da Plataforma das Artes Escénicas, que aglutina baixo un mesmo denomina-dor común -a denuncia dunha situación agónica- a un abano amplo e diverso de sectores, dende actores e actrices, com-pañías de teatro e guionistas até o mundo do ilusionismo e a danza. "Está claro que nós non somos prioridade", asegura. Sinala que, pola contra, o primeiro lugar vai pa-rra Cidade da Cultura que devora os orza-mentos destinados á cultura, mentres as propias cidades quedan sen cultura.

De suprimirse a programación de *Cami-nos de Cultura*, non só quedaría ao pai-ro aquel sector das artes escénicas máis rela-cionado coas actuacións de pequeno for-mato (danza, teatro, monicreques, maxia...) senón que as repercusións chegarían tamén aos concellos, sobre todo aqueles de menor tamaño que ficarian sen posibili-dade de programar, e ao propio público, ao que se lle furta o acceso á cultura galega, practicamente eliminada da programación do verán, a prezos asequibles.

É só un capítulo máis nun auténtico pro-ceso de desmantelamento cultural que está a ser executado co gallo da crise. As axudas á actividade escénica en xeral reducíronse dos 2.290.000 euros en 2010 a 1.370.000 euros en 2011 e 1.290.000 en 2012. A Re-de Galega de Teatros, aínda que mantén o número de contratacións, semella estar a apostar porén por espectáculos de for-



As axudas á actividade escénica reducíronse en máis dun millón de euros en dous anos

mato menor e custe máis baixo, segundo sinala Del Río. O diñeiro da Xunta cara ao sector non só se reduce senón que ade-mais os pagamentos fanse tarde, mal e arrastro, o que hipoteca ás compañías e dificulta a súa supervivencia. "A realidade -sinala del Río- é que a Xunta gasta anual-mente en axudas e na Rede moito menos do que di". Ao redor dun millón de euros, engade, deixou a administración galega de cultura sen pagar o ano pasado, difei-ro que foi aínda aboadado neste 2012. Neste baile de cifras, de facturas pendentes e pagos atrasados, chegará un momento -indica- en que se perda unha anualidade íntegra e só se atenda a pagamentos de anos anteriores. Nesta situación, se as compañías seguen a manter a actividade, se o número de producións non cae en maior medida, é en boa medida grazas ao voluntarismo dos profesionais, tal e como se apunta dende o sector.

80% EN PARO

Os índices de paro chegan a niveis alar-mantes entre as e os profesionais. Dende a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) calculan que ao redor dun 80 por cento das persoas que están integradas na entidade están sen actividade. Entre que as compañías privadas contan con menos apoio público e tamén menos traballo, e a paralización durante este tempo da actividade do Centro Dramático Galego, as e os profesionais teñen severas dificultades para procurar onde gañar o pan. Únese a isto a paralización da produción audiovi-

sual propia. Non se ten en conta -explica a vicepresidenta da AAAG- que cultura é tamén riqueza, non só no simbólico senón no económico, pola achega ao PIB, polos postos de traballo e pola súa achega ao era-rio público. "As axudas que recibimos -indica- devolvémolas á sociedade triplicadas ou cuadruplicadas mediante as achegas ao IRPF, ao IVE, á Seguridade Social..."

A situación de asfixia económica e falta de apoio público afecta de modo especial a sectores emerxentes, como a danza, que estaban a despuntar na Galiza nos últimos anos. Desaparecen practicamente as co-producións entre a administración e as compañías privadas de danza (só houbo unha o pasado ano) e tamén as axudas ás residencias artísticas, que lles permitía ás e aos creadores dispor dun espazo no que traballar, para aprender da experiencia de xente de fóra e sobre todo para investigar en novas linguaxes. No manifesto que fixo público o Día Internacional da Danza, DANESGA, a asociación, que aglutina a danza escénica galega, denunciou, así mesmo, a falta de transparencia na xestión actual do Centro Coreográfico Galego e pediu saber o destino dos 400.000 euros anuais que ten orzamentados para o seu funcio-namento.

A retirada de apoio público couda de raíz a consolidación das industrias culturais ga-legas e a emerxencia de prácticas artísticas do que até hai ben pouco o país estaba or-fo. De non mudar a situación o futuro dar artes escénicas galegas será ben certo: a morte por asfixia. ❧

Marta Dacosta
Poeta

O poder da poesía

Nomeu caso a cul-pa foi dos cocos do queixo. Por-que todo co-mezou cunha palabra. Que fai unha nena na mesa da cociña tentando ler nun libro de gramática? Só un amor aínda non recoñeci-do polos libros pode explicar que unha cativa de oito anos lea na *Gramática elemental del gallego común*. Carballo Calero abrindo portas desde a distancia.

Poesía e lingua van unidas na construción da persoa, da adolescente que descobre que o poema lle devolve como un espello a realidade, destilada, ardente e terapéutica. E entre declinacións latinas e asem-bleas a decisión toma corpo e a palabra convértese en iti-nerario de futuro.

Sempre acreditei no poder da poesía. Os versos son o combustible necesario para seguir alimentando a máquina do progreso que nos leve a un paraíso en que a nosa lingua sexa A LINGUA, para sempre. E nós imos nese tren, aten-tos a que a locomotora non se pare.


Mais o papel en branco é un deserto e non hai estrelas su-ficientes que guíen o camiño. A contaminación dos tempos convulsos de hoxe impede a visión nocturna, e o poema morre de sede sen acadar o seu destino. Porque tamén a crise económica ameaza a poesía, xa débil de por si neste mundo mercantilizado. Non se decatan de que a poesía é como a vitamina D, esencial para evitar o raquitismo, ain-da que desta volta non produza deformación dos ósos, senón algo menos visíbel, un déficit nutricional da alma que provoca desesperanza e nos deixa vencidas.

Sabemos que o sol é un an-tidotado ao raquitismo, así que saquemos a poesía á rúa, de boca en boca, memorizan-do versos, cantando. Como a moza que, para explicar por que estaba alí, loitando, fixo dun poema o argumento de-finitivo. ❧

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ. ESCRITOR

“Somos periféricos nas industrias culturais, non na creación”

PROLINGUA ORGANIZALLE UNHA HOMENAXE NACIONAL PARA O DÍA 30 DE XUÑO EN VIGO



Carme Vidal Imaxes: SG

A súa conta de medio cento de títulos vén de sumar a publicación na colección de narrativa *Aire Negro* (Xerais) –que leva quince edicións en xuvenil– máis o volume de historias de terror *As fronteiras do medo* (Rodeira). Dous títulos que se engaden á sólida carreira literaria dun escritor que rompe as marcas da nosa literatura en libros e edicións publicadas, linguas traducidas, premios acadados e tamén, aínda que non sae nas cifras, no agarimo e o respecto de toda a comunidade literaria. Prepara agora Agustín Fernández Paz *O rastro que deixamos*, un volumen en que recolle vivencias e reflexións, entre outros temas, sobre a lingua e o oficio de escritor.

Cando nos anos noventa publica por vez primeira *Aire Negro* vostede teima en facer visíbel a literatura infantil e xuvenil. Mudaron as cousas desde entón? Daquela estaba entregado a esa causa. Agora percibo que houbo avances innegábeis pero aínda insuficientes. Cando publiquéi *Unha noite tan longa* nunha colección de narrativa a recepción foi moi ampla, saíron reseñas en todas partes e mereceu cinco premios. Cando pouco despois publiqué *Os fantasmas da luz* a súa visibilidade

foi moito menor. Sen embargo, adiantouse moito, os libros xuvenís e mesmo infantís xa aparecen nas seccións de crítica con naturalidade. Ténsenos algo en conta máis aínda hai moito prexuízo.

Tamén é certo que neste tempo se consolidaron grandes nomes. Temos na cabeza un feixe de persoas que acadaron un posto e privilexio no mundo literario e pertencen ao ámbito da literatura infantil e xuvenil.

Deuse a circunstancia de que houbo escritores que nos dedicamos en corpo e alma a esta cuestión. Daquela gostaba de citar a frase de Gaarner na que se confesaba implicado nunha loita explícita pola literatura infantil e xuvenil e iso é algo que estamos facendo na Galiza. Agora os editores crearon o dos libros que poden estar en xuvenil e adultos, caso de Ruiz Zafón. Trátase dunha literatura na que te dirixes a un lector sen grandes esixencias formais, en formación. *O Ulises de Joyce* precisa un lector con moitas lecturas detrás pero para ler a Fole non fai falta tanta traxectoria. Son o que chamo libros de fronteiras.

Aire negro aparece agora en narrativa, despois de ir pola quinceava edición en xuvenil. Cando o publiquéi por vez primeira tiven tamén a primeira discusión co meu edi-

tor Manuel Bragado sobre o tema. Daquela el quería que o sacara xa na colección narrativa pero a literatura xuvenil era moito menos visible e había que pular para que o fose así que dixen que non. Agora que vai na edición número quince a editorial permíteme reescribilo e eu acepto a proposta.

Reescribilo? Como é ese proceso de encontro coa obra para vostede como autor?

Eu falo dun estirado da obra no sentido de lifting. Na editorial danme unha copia do publicado en DINA3 e eu podo traballar sobre ela, facer engadidos, eliminar... Hai desde cambios estruturais até multitude de cambios formais, de estilo. Logo danme o arquivo dixital e eu meto as correccións. No caso de *Aire negro* é non significa que deixe de publicarse na xuvenil. Vai estar renovada nas dúas coleccións.

Esa reelaboración de libros xa publicados non lle produce certa inxuedanza?

Case todos os títulos anteriores ao 1995 están revisados. Cando publicas o libro tomas tamén a decisión de rematalo. Agora estou a preparar un libro de textos que fun facendo ao longo do tempo e que se vai chamar *O rastro que deixamos*. Son textos que fun escribindo –algúns arqueolóxicos (chámalle así aos escritos en máquina) ain-

da que poucos– con vivencias, reflexións sobre o traballo de escritor, sobre a lingua. Son textos escritos aos que agora lle estou dando unha volta. Calquera texto por definición está inacabado, un work in progress que dicía Joyce.

A obra entón non ten fin? Cando considera que está rematada?

Cando escribo unha novela podo darlle moitas voltas pero adoito parar ao séptimo ou octavo borrador. Cando te atopas cun texto como *Aire negro* que escribiches no fin dos noventa revives moitas cousas daquel tempo, mesmo contextos externos. As lecturas que fixeches, por exemplo. Daquela eu andaba metido na psicoanálise e en Jung.

Na súa obra hai algunha constante que son case marcas de autor. A presenza do medo e o misterio poden ser dúas delas.

Gústame xogar con elementos que foron importantes na miña biografía. Pertenzo a unha xeración na que estaba viva a crenza de que os mortos non nos abandonaban senón que permanecían entre nós. Estaba no noso ámbito rural, do que proveño, pero logo decateime de que se repetía en todo o mundo. Cando lin *O sexto sentido* de Syamalan, hindú afincado nos Estados Unidos, decateime de que era similiar a moreas de contos que tiña escitado

Algo está pasando cando a cultura se nos está indo polo sumidoiro

de neno. Un home que non morre pero que non se vai até que non soluciona algo que deixara pendente. Dese substrato tamén nos alimentamos os escritores. Unha novela como *Non hai noite tan longa* colle o fantasma do pai que remite a moitas vivencias da miña xeración. No caso do medo e o misterio, non é casualidade que estean presentes tamén en Paco Martín ou Xabier Docampo.

Remite á súa infancia, como se a obra comezase a xestarse nese momento de descuberta.

Na infancia é cando descubrimos o mundo e é inevitable que sigan aparecendo imaxes dese tempo. Cóntao García Márquez cando di que entón as cousas non se asociaban a palabras e había que nomealas co dedo. Iso é o que lle pasa a todos os cativos. Nesa infancia tes os primeiros terrores, amores, castigos ou alegrías, as experiencias son iniciáticas e deixan impronta no cerebro. Cada novela ten a súa vida e algunhas son moi próximas, como *Non hai noite tan longa*. Gosto dicir que a literatura se fai cos fíos da vida.

Con eses elementos adviñase a súa vontade de crear unha atmosfera, un ambiente que envolve as súas novelas.

É algo que intento facer. O que persigo é que cando unha persoa le un libro meu adviñe quen é o autor, a marca propia, o que chamaban estilo.


Se lle falo de Lovecraft e a novela negra estará algo aborrecido, non é?

Iso ven desde *Cárcere de inverno* que foi un libro moi lido e marcou a miña imaxe como escritor. De todos xeitos, gosto da novela de xénero porque permite falar do que queres con vías nas que o lector se atopa cómodo. Deste xeito ademais consiguense novos lectores para a lingua galega.

Contar historias e pasalo ben na escrita. Son estes dous elementos do seu oficio literario?

Son. Pásoo ben na escrita, vánseme as horas na ficción, en crear historias. Coido que é unha vía ideonea para transmitir a visión do mundo, da vida. A literatura responde tamén á ansia de deixar a túa visión do mundo, a pegada humilde que un sinte que pode facer a través das historias, como meu pai facía na carpintería.

Ninguén pon en cuestión que vostede é un dos escritores máis queridos e apreciados polos lectores, mesmo eu diría do mundo literario en xeral. Semella que a xente goza con lelo, premialo, editalo... Síntome afortunado, é certo. Se non o



dixese mentiría.

En cifras a súa obra ten unha gran dimensión. Arredor de medio cento de títulos e traducido a cantos idiomas?

Nin levo ben a conta, os últimos foron o chinés e o búlgaro. A miña situación de privilexio dá tamén idea do que nos falta como país. Uso sempre a metáfora rodariana da pedra no estanque. Un escritor cando

publica un libro é como se tira unha pedra e saen ondas concéntricas. Primeiro diríxese aos lectores máis próximos, logo búscase a primeira periferia pero logo hai unha periferia á cal, se este fose un país normal tería que chegar unha parte da nosa produción pero apenas o fai. Resulta paradoxal que eu teña lido no último ano seis novelas islandesas cando é a literatura dun país de só 300.000 habitantes,


Gosto dicir que a literatura se fai cos fíos da vida

como Vigo. Se a nós non nos len fóra é que algo está a fallar. Os gobernantes non son conscientes de que a literatura é unha arma de identidade e expansión. Coñecemos Islandia desde que lemos novelas dos seus autores. Son marca de país, de prestixio e tamén valores económicos e iso é algo que na Galiza non se entende. Aquí desconfiase dos escritores, non somos un colectivo cómodo porque non calamos. A industria cultural galega quedou sen apoios. Non se escoita máis que laios de todo o mundo. Algo está pasando cando a cultura se nos está indo polo sumidoiro. Resistimos os que temos a ventaxa de traballar con ordenador e co noso tempo.

Nesta circunstancia, que vostede reciba o Premio Iberoamericano de Literatura Infantil e Xuvenil semella case un milagre.

Case é. A idea da Xeración Nós dunha cultura mundial entendida como un mosaico no que a galega sexa unha pedra máis e haxa un rico intercambio é aínda un desexo sen cumprir. Funciona só no ámbito da creación. Eu son poderoso na mesa do meu cuarto, considero a todos os escritores do mundo os meus coelgas e pode influírme Anxel Fole ou Murakami, que vive en Tokio. O problema é cando entra en xogo a industria cultural, cando decido dar a coñecer as miñas obras. No ámbito da creación un nunca é periférico, salvo que queiras selo, pero no da industria cultural somos conscientes das limitacións, da influencia das institucións. As políticas culturais van influir non só en que te podan ler fóra senón tamén en que te lean os que terían que ser os teus lectores naturais. En cantas librarías os libros en galego non están nunha reserva india? Cómpre que os gobernantes sexan conscientes de que a cultura non é un adorno senón unha poderosa ferramenta para a mellora da sociedade. Trátase da nosa marca de país.

Vostede é un activista na defensa da normalización do galego. Como valora a situación?

Recollo a grande frase de Antón Santamarina de “avances enormes, logros cativos” que explica ben como estamos. Vivimos un grande retroceso desde que Feijóo está no poder, cunha grande ofensiva contra a lingua baseada en falacias como a imposición ou a liberdade de eleixir. Está a conseguir que a lingua galega desapareza nos primeiros anos do ensino. Esa é a súa paz lingüística. Sen embargo, teño esperanza. Non van conseguir rematar coa lingua. 

RECOMENDACIÓN LITERARIA


Galeóns
cargados de rebeldía

A nova novela de Angueira fala dun tempo, que se ben ten sido recoñecido noutras obras da literatura galega, carece dun tratamento temático acorde coa súa importancia. As mobilizacións da segunda metade dos sesenta, fundamentais na historia do noso país e dos seus movementos políticos, son moitas veces ignoradas ou metidas sen máis caracterización no saco da *longa noite de pedra*. Nesa época, porén, prodúcese diversos feitos que marcarán para sempre o noso devir histórico. Se cadra, o máis importante, a rebelión contra o *desarrollismo* franquista, iniciada pola oposición popular ao encoro de Castrelo do Miño e continuada sen descanso até décadas despois. O fenómeno non é unha simple anécdota: nese momento a vella Galiza rural, aínda atada a formas de vida e estruturas económicas tradicionais, establece o primeiro combate consciente contra a explotación foránea e irracional dos seus recursos. Na novela, que cita a revolta de Castrelo do Miño, teñen un importante papel os traballos para crear o regadío do Ulla, proxecto levado a cabo polo Instituto de Colonización franquista, que non repara, ao contrario que os obreiros locais aos que contrata, no absurdo que representa regar comarca tan húmida.


Este combate entre as formas de vida tradicionais e as agresións imperialistas ondea como unha sutil bandeira por detrás da densa narrativa de *Iria*. Se

cadra por iso, o protagonista da novela, máis que o vello galeón que lle dá nome, ou a tripulación que o guía polo Ulla e a Arousa, sexa o propio colectivo humano que forma esas clases populares, e xunto con el toda esa cultura popular, esa cultura autónoma das clases baixas, que como dicía o último Pasolini, debora de servir de escudo á uniformización pretendida polo sistema capitalista e que, como nunha homenaxe a ese espírito de barricada, aparece minuciosamente reconstruída polo autor. *Iria* é unha novela que recupera esa cultura: faino dende distintas perspectivas, se cadra a máis destacábel a lingüística, ao recoller e poñer en valor un riquísimo léxico náutico, tan en perigo de desaparecer que en ocasións nin sequera aparece recollido nos dicionarios. Tamén por non renunciar ás marcas dialectais da comarca na que acontece, as mesmas que poden rastrearse nalgúns textos rosalianos e que dan un ton profundamente característico ao narrado. Nunha literatura galega cada vez máis tendente á estandarización didáctica das súas obras, resulta unha agradábel sorpresa poder atopar toques de cor e personalidade lingüística coma estas.

A cultura popular, porén, non se resume nun modo de expresión: late na forma na que os seus membros conviven, na música que escoitan, na forma na que manexan a microtoponimia local, no simple acto de compartir a comida, ou na importancia que dan ao recuento, presente ao longo de todo o libro, das persoas afogadas, ou das que caen en accidentes laborais, grandes



Anxo Angueira




Iria
Anxo Angueira
Xerais, 2012
327 PÁXINAS
19 euros

traxedias das que a nosa sociedade xa perdeu unha parte da perspectiva. Ao mesmo tempo nótrese dunha consciencia nacional que provén da memoria republicana (Otero, Castelao...) pero que tamén atopa lazos de unión coa resistencia cultural presente noutras capas sociais. *O Iria* vai cargado cunha alborada, con versos de Rosalía, e tamén con colantes deseñados por Reimundo Patiño en Madrid, os mesmos que no ano 1967 da vida real sorprendéron á policía franquista proclamando, dende cada esquina do país "Libertade pra Galicia". Nalgún momento, a singradura do *Iria*, trazará liñas paralelas ás que marca a folga dos obreiros do regadío, ou a que comezan os estudantes de Compostela e os acordos das súas alboradas confundiranse co *Venceremos* nós que xa entoaos estes últimos.

Do punto de vista histórico e lingüístico, *Iria* é unha obra monumental, que retoma os mellores puntos de partida de *Pensa nao*, novela ambientada na Guerra Civil coa que Angueira gañou o Xerais no ano 1999, e que na miña modesta opinión segue a ser unha das mellores novelas que recibiu o galardón. De todas formas, cabe apuntar que se cadra non sexa unha obra de doada lectura para o grande público, que pode verse abafado pola enxurrada de léxico específico, polo particular e pausado ritmo da trama ou polos característicos diálogos poéticos do autor. En calquera caso, a súa lectura é unha aposta por unha literatura de primeira calidade que foxe tamén dos ritmos comerciais da narrativa comercial contemporánea. E ao mesmo tempo é un convite a coñecer unha parte importante da nosa historia, das culturas populares que perdemos sen decatarnos, e das loitas, gañadas ou perdidas, que o noso país leva ao lombo. **Mario Regueira**

Do outro lado do río



Carlos Quiroga

Conto brasileiro acessível

Dizem haver rios vindos do Alto que descem verticalmente, como no caso do Ganges que escorre da cabeleira de Xiva. Dizem que desse modo essas águas se tornam instrumentos de libertação. Algo parecido poderia dizer a propósito de alguns livros que de repente regam de maneira certa estas nossas terras, muito apesar das suas nascentes estarem distantes. Um singular chover cuja raridade, quase ausência durante décadas, poderia colocar o acontecimento na categoria do milagre. Certo que, no caso que abordo, o cair do Alto tem por trás a invocação de deuses mais mundanos (Embaixada do Brasil, pessoas que se movimentaram e apoiaram a iniciativa de diversos modos), gente real que é quem efectivamente consegue chamar a chuva. Refiro-me já a O conto brasileiro contemporâneo, antologia de 21 relatos de outros tantos nomes mais ou menos jovens, editada de fresco na Galiza por Laiovento, e organizada por Carmen Villarino e Luiz Ruffato.

Se a possibilidade de obter exemplares de determinados títulos coloca a literatura brasileira mais recente, ao igual que a dos PALOP em geral e algo menos a de Portugal, num remoto inexistente, a acessibilidade material deste é a primeira virtude a enfatizar. É esse também o fundamento capital para a sua escolha por parte de alguns Clubes de Leitura galegos, que nestes momentos nele mergulham, e cujos iniciais retornos de que tenho al-

guma constância podem despir a probidade da eleição. Por diante que os textos recolhem as vozes estritamente originais, tendo sido publicados na sua maior parte dos casos para o seu público natural, sem qualquer outro mimo inferiorizador de uma recepção galega. Para quem nunca leu em português o conjunto apresenta moderadas dificuldades, algo que trata de ser prevenido com um Glossário Terminológico final, em que uma leitora se coloca no nosso universo cultural (Laura Blanco) e anota e define o mais distante ou exclusivo dos mananciais. Seja como for, nas valorações médias atribuídas, por exemplo, pelos membros do Clube de Antigos Alunos EOI de Compostela, cada um dos contos foi classificado entre 0 e 10 e absolutamente todos resultaram com avaliação positiva.

O conto mais valorado foi "Varandas de Eva" do manauara Milton Hatoum, com média de 9, história de adolescência em iniciação ao sexo prostibular com desfecho inesperado alguns anos depois. "A peste da Janice", de Luis Augusto Fischer, e "Circo Rubião", da Adriana Lisboa, andam no 8,6 e no 7,8, ambas com peripécia de menina que ora sofre a zombaria das colegas em escola de freiras, ora um maltrato da família que a leva a fugir com um circo. Mas tem onde escolher com requinte, acompanhe em primeira pessoa os sete epítafios sobre um amor ilícito nas margens do Paraná do Marçal Aquino, entre na cabeça de um centro-avante dian-

Não se trata dos 21 melhores contos brasileiros deste momento nem dos 21 nomes que publicam contos fascinantes na passagem do XX para XXI

te da bola no momento de lançar a pena máxima da mão do Flávio Carneiro, veja o retorno de um mal filho adotivo ao pé de uma péssima mãe moribunda desde Cristovão Tezza, ou a liberdade sem horizontes de um ex-presidiário guiado pelo periférico Ferréz. E tem mais, de Bernardo Carvalho, Adriana Lunardi, André Sant'Ana, Carola Saavedra, Cíntia Moscovich, Fernando Bonassi, Anzanello Carrascoza, Maria Esther Maciel, Mário Araújo, Michel Laub, Sanches Neto, Correia de Brito, Tatiana Salem Levy, Tércia Montenegro.

Entre todas e todos, por certo de nome já bem notabilizado em vários casos, o brinde de um certo Brasil em folha. De um e uma, por certo, também a foto e mínimo apontamento biobibliográfico antecedendo o relato. Não se trata dos 21 melhores contos brasileiros deste momento nem dos 21 nomes que publicam contos fascinantes na passagem do XX para XXI, como reconhecem organizadores, mas o público recebe neste livro um conjunto bem representativo. A diversidade autoral, estilística, temática, geográfica, pode estorvá-lo para um consumo homogêneo, mas os benefícios finais dessa mesma característica rendem lucros compensatórios do aparente esforço preambular: degustação directa e até alegórica do enorme e variado país continental de que procede. E o melhor, porfiro, é que mesmo procedendo de longe se pode consumir vertical sem grandes dramas –ou pergunta nas livrarias.

CRÍTICA DE CINEMA: PROFESOR LAZHAR

"Sempre os imaxino como adultos que seguen a falar como nenos"

O que fai deste drama canadense unha das mellores propostas cinematográficas en carteleira é a pretensión de sinxeleza e honradez con que está rodado. Igual que a moi estimábel *Incendies* o ano anterior, da mesma produtora, conseguiu estar entre as cinco candidatas finais ao óscar á mellor película en lingua non inglesa.

Sempre que se lle pregunta nunha entrevista, Philippe Falardeau recoñece a inspiración que o visionado de A classe, de Laurent Cantet, lle supuxo cando estaba xa inmerso no proceso de guionización da obra teatral de Evelyne de la Chenelière. "Sabía que eu non ía mellorar o traballo expedicionario de Cantet dentro dos muros dun centro de ensino". As comparacións son inevitábeis. O director francés contaba coa vantaxe de traballar a partir dun guión hiperrealista escrito por un profesor na vida real, que ademais acabaría interpretándose a si propio nunha ficción case que documental.

Sendo como é un xénero autónomo, o cine escolar ten os seus referentes en dous títulos clásicos, emblemas da visión hollywoodense un e outro do chamado cine europeo de autor: *Rebelión nas aulas* (James Clavell, 1967) e *Os catrocentos golpes* (François Truffaut, 1976). O camiño escollido aquí é claramente o do segundo, alomenos canto ao ton naturalista e ao seguimento intimista das rapazas e rapaces na busca da construción de sentido. Con todo, é outra cinta fundamental na filmografía dun dos fundadores da nouvelle vague a que apunta Falardeau como influencia inquestionábel: A pel dura.

Así é, monsieur Lazhar retoma as convencións e xeitos pedagóxicos do profesor Richet (Jean-Francois Stévenin) na película de Truffaut: a proximidade, a disposición máis alá da tarefa e os contidos, a necesidade de manifestar e recibir afecto, a predisposición a non mancar. A vocación docente.

A proposta iniciase de xeito arriscado, por excesivo, aínda que sobrio e cedido no axuste de planos, que informan e suxiren sen amosar. Como cada xoves pouco antes de rematar o recreo nun colexio de primaria na periferia do Québec francófono, a Simon tócalle subir o leite aos pupitres dos seus compañeiros que aínda xogan no patio. Ao entrar na aula atópase o cadáver de Martine, a mestra, colgando do teito. A cámara amósanos os pés e xira ao rostro do neno (sobresaliente interpretación de Emilien Néron). O shock é xeral, as secuelas difíciles de tratar, sobre todo para Simon, que había pouco denunciara a súa mestra por un suposto exceso de proximidade no trato e a quen agora esgana a culpa. O profesorado atura a conmoción mantendo a rutineira normalidade. A dirección debe contratar un profesor substituto. Lazhar, traxe e modais anticuados, preséntase ao espectador mentindo sobre a súa situación na entrevista de traballo –sabe-

rémolo despois-. Compartimos o engano, a imperfección polo tanto. Non quere que os nenos formen U coas mesas, desvencellándose así de pedagogías heterodoxas que toman alento filmico nos verdes e gloriosos esplendores de O club dos poetas mortos. Pide que coloquen os pupitres de xeito tradicional. O loito comunitario tratado por unha psicóloga escolar súmase ao loito individual que o novo e descoñecido mestre de orixe alxeriana soporta en segredo: a morte da súa muller nun atentado fundamentalista. A fereza dun animal salvaxe endiañado esgaza no íntimo.

As variacións da melodía minimalista composta por Martin Léon envolven con delicadísima beleza as imaxes que fian exitosamente tantos temas na linealidade dunha soa trama.

¿Atopará consolo na docencia Lazhar, redención Simon, esperanza a educación pública nestes tempos de mesquía brutalidade orzamentaria? **J. Carou**

CRÍTICA MUSICAL

OS CEMPÉS Coas mozas e mozos da escola libre da MPG

Un dos regresos máis agardados do ano, no que a música folk se refire, é o dos Cempés. Un grupo que celebra o 20 aniversario do seu primeiro concerto, e que agora, tras unha tempada de inactividade, volve aos escenarios cun novo traballo discográfico. E faino cunha formación renovada, que xongue baixo un mesmo propósito a experiencia de Óscar, Serxio e Antón –dos Cempés de sempre– coas novas incorporacións de Fernando Barroso, Pablo Dalama e Ramón Dopico. Músicos dunha nova xeración que segue a demostrar que a música tradicional deste país está máis viva que nunca.

Tentemozo, así se chama este disco, é con toda seguridade un deses traballos que hai que escoitar en repetidas ocasións para extraerlle toda a música que condensa, cada idea, cada sensación e cada pequeno ma-



Un auténtico mapa da musicalidade galega, que non repara en utilizar a gran variedade instrumental da nosa tradición, xogando con diferentes ritmicas e coidadas harmonías. Un son que nos transporta por momentos a tempos pasados, de bandas de música e cantares de cego, para retomar contacto co folk máis actual.

Para a gravación de Tentemozo, Os Cempés contaron coa colaboración das mozas e mozos da Escola Livre da Música Popular Galega e con músicos convidados como Carlos Quintá, Begoña Lorenzo, Luis Peixoto, Tiago Pereira, Iván García, Uxia Muíño, Martín e Miguel Sanjurjo, José Díaz, Benxamin Otero ou Pablo Doval. Un proxecto colectivo desde o comezo até o final, xa que o financiamento que o fixo posíbel foi recadado a través dunha proposta de mecenas na rede. **Xoán M.**



Carlos Taibo
Profesor titular de Ciencia Política e da Administración na U. Atónoma de Madrid

pensamento

Reduções orçamentais, crescimento, Syriza

Se a primeira --falo do principal debate que se revela hoje nos países que têm o euro como moeda-- assinala que não podemos fazer outra cousa que assumir reduções dramáticas dos orçamentos públicos, a segunda considera que o anterior é un erro e que essas reduções devem limitar-se para permitir que as economías recuperem o camiño do crescimento. Enquanto a senhora Merkel abraçaría a primeira posición, o novo presidente francés, Hollande, defendería a segunda. Absorvidos como estamos entre essas dúas opcións, parece como se não houvesse outros horizontes.

Parece claro por que é preciso rejeitar a primeira das perspectivas anotadas. As reduções mencionadas obedecem ao evidente propósito de fazer que paguem os justos pelos pecadores. É que na esencia do xogo de hoje o que se adivinha é uma formidável estafa: quem, con prácticas lamentáveis, provocaram un engrossamento espectacular da dívida privada receberam sumas ingentes de recursos públicos para sanear as súas institucións financeiras. O efecto foi duplo: enquanto, por un lado, com o dinheiro de todos --é com o curso do crecemento notável, de resultados, da dívida pública-- se sanearon imorais empresas privadas, pelo outro estas últimas, com os recursos recibidos, estabeleceron regras de xogo de obrigada satisfacción, traducidas em retrocesos significativos no gasto público em sanidade, educación e pensões.

Com certeza não é tão evidente, porém, por que cumpre rexeitar a segunda opción que nos ocupa. Ninguém negará que parte duma premissa fundamentada: a política de austeridade orçamental, na teoría orientada a permitir que a crise fique atrás, obstaculiza poderosamente qualquer recuperación económica e, como tal, estimula com rotundidade os intereses privados e coloca-nos ante una recessão prolongada. Não faltam, mesmo assim, os pro-

blemas nesta segunda opción. São fundamentalmente três. O primeiro é que esta perspectiva, nojentamente de curto prazo, só parece interesar-se pela crise financeira e esquece as outras crises que están na rebotica. Nesse sentido prefere esquivar a conclusión de que o crecemento económico não é essa panacéia que o resolve tudo retratada no discurso oficial: pouco ou nada tem que ver com a coesão social, desenvolve uma nevoenta relación com a creación de emprego, exige formidáveis agressões medio-ambientais, facilita o esgotamento de recursos escasos, assenta-se com frequência na exploração da riqueza humana e material dos países do Sul, e, enfim, afortala un genuíno modo de vida escravo que nos invita a confundir sem mais consumo e bem-estar.

Hora é esta de mencionar un segundo problema na percepção que faz da recuperação do crecemento o objetivo fundamental: da por certo que un incremento do PIB permite resolver magicamente a maioría dos ingentes problemas sociais nos que estamos imersos. Temos aquí una superstición mais. Se a economía espanhola era 100 em 2007, antes do estalido da crise financeira, hoje está num 97. Com estas dúas cifras na cabeza, não parece que o deterioro seja tão notável. O que deve preocupar-nos não é o retrocesso de três pontos na riqueza geral, e sim a distribución, cada vez mais desigual, dessa riqueza. E, porém, esta dimensão fica num segundo plano, absorvida pela intuición de que os problemas dos de abaixo desaparecerán se o crecemento económico reaparece. Nada mais longe da realidade. Cumpre afirmar com claridade, pelo contrário, que num cenário no que no Norte opulento deixamos atrás as posibilidades medio-ambientais e de recursos que a Terra nos ofrece, poderemos viver melhor com 80 --não com 120, com 100 ou com 97-- se somos capazes de reorganizar as nossas sociedades e de redistribuir a riqueza. Sair do capitalismo impõe-se a

A política de austeridade orçamental, na teoría orientada a permitir que a crise fique atrás, obstaculiza poderosamente qualquer recuperação económica

respeito, claro, como urgência.

Apontemos, enfim, o terceiro problema que accosa a proposta que parece abraçar o novo presidente francés e, com ele, o conjunto da socialdemocracia, declarada ou oculta. Refiro-me à ilusão ótica de que podemos regressar à aparente bonanza anterior a 2007. Esta pretensão ignora que o que hoje arrastamos não é outra cousa que una conseqüência lineal do que tínhamos daquela. Nutre-se, aliás, da conclusão de que o papel da esquerda progressista deve consistir em obrigar ao capital a reconstruir a regulação que foi esquecendo nas últimas décadas. Nesse sentido segue sem conceber outro horizonte que o capitalismo e defende sem cautelas una institución, os Estados do bem-estar, que, junto às suas inegáveis virtudes, se mostra inseparável da lógica de fundo do próprio capitalismo, assenta-se sempre em fraudulentos pactos sociais, reclama por necessidade a perspectiva pseudo-democrática da representación, ratifica una economia de cuidados que castiga visivelmente às mulheres, nenhuma solidariedade preconiza no que atinge aos países do Sul e, enfim, parece dificilmente sustentável no terreno ecológico. Significativo é que no discurso da esquerda progressista, enfeitada nestas horas com o crecemento e despreocupada da distribución --eis a patética proposta

quotidiana de Alfredo Pérez Rubalcaba--, faltem sempre as palabras *auto-gestão* e *socialización*, não se aprecie nenhuma chiscadela encaminhada à criação de espaços de autonomia com respeito à lógica do capital e a contestação da ordem da propriedade existente falte dramaticamente. Em semelhantes condições, a aposta resultante pretende resolver alguns problemas de curto prazo a custa de acrescentar de forma preocupante todos os demais.

A afirmação de que vivemos por cima das nossas possibilidades, tão comum nos últimos tempos, tem un significado diferente se antes se enunciou una crítica cabal da miséria na que estamos imersos ou se, pelo contrário, semelhante crítica não se formulou. Enquanto no primeiro caso remete a una realidade reconhecível --é verdade que no Norte opulento vivemos por cima do que o planeta e a equidade nos permitem--, no segundo estimula una genuína estafa moral: quem vive por cima das suas possibilidades é o senhor Botín. A disputa correspondente ecoa noutra que se interessa pela idoneidade do termo austeridade para descrever as nossas opções. Uma cousa é que rejeitemos --não pode ser doutra maneira-- as políticas de austeridade que se nos impõem ao serviço do capital, e outra que não nos decatemos da necessidade de assumir, os que podamos, na nossa vida quotidiana e nas nossas respostas coletivas, fórmulas de sobriedade e de singeleza voluntárias.

Do anterior devem tomar nota os amigos de Syriza em Grécia. Não desejo ignorar em modo nenhum que a coligação de esquerda radical grega desenvolveu propostas programáticas sugestivas. Parece-me, porém, que se, além de seguir defendendo o fetiche do euro, Syriza assume sem fendas a perspectiva holandiana de resposta ante a crise, a do crecemento, a conclusão estará servida: bem podemos estar ante o enésimo rebento duma miséria, a socialdemocrata, que se nega a abandonar-nos. ❧



Pilar García Negro
Catedrática de Filoloxía Galega da UDC

opinión

A letra do himno galego

*¿Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio transparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
ou seu ben compasado,
monótono fungar...?*

*"Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.*

*Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.*

*Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoo
a redenzón da boa
nazón de Breogán".*

ALTO! PARE! STOP. Siga lendo, por favor, amábel lector-a. Acéiteme, por favor, o desafío. Non dé por sabido que coñece de sobra o Himno, que o ten cantado dúcias de veces e que nada ou pouco novo lle achegará calquer información adicional. Sígame o xogo, rógollo. Léao atentamente. Comprobe, verso por verso, se o que canta habitualmente, se corresponde exactamente coa letra aquí escrita. Repare nas palabras escritas en negrita: todas elas se corresponden coas exactas que escribue Eduardo Pondal mais que sofreron alteracións que chegaron a consolidarse a por de repeticións escritas e orais. Xa hai moitos anos que o prof. Manuel Ferreiro estableceu a letra verdadeira do Himno Nacional noso, estreado na Habana en Decembro de 1907, como hai moitos anos que unha servidora levou ao Parlamento (coa mellor disposición, por certo, do finado Victorino Núñez, á altura seu Presidente) a reforma da Lei de Símbolos, só no aspecto concreto de lle volver à letra do Himno a súa textualidade auténtica. Tal devolución non se produciu, mais os pormenores desta tentativa son asunto dun outro artigo.

Reparemos en como a letra verdadeira, a aquí reproducida, conleva cambios de sentido fundamentais e axuda a comprender a súa significación cabal. A diferenza doutros himnos nacionais, o noso, literariamente, é dunha calidade superlativa, pois que se compón das catro primeiras estrofas do poema "Os Pinos", de Pondal, integrado por nove, en total (por certo, o número da perfeición na cabalística oriental), que van desenvolvendo, con mestría musical, o motivo inicial (os pinos) en crescendo até o final (as armas de Breogán): do pacífico "rumorosos" do primeiro verso (suave arrolar da corda), ao se moveren as súas follas (harpas) polo vento, até o intrépido son do derradeiro verso (metais e percusión), xa que a "estima" ha de alcanzarse cun "rumor xigante". A este laboradísimo poema pertencen, como dixen, as catro estrofas que dan corpo ao noso Himno.

O elemento metaforizado, os pinos, presente no título do poema, non aparecerá na letra do Himno máis que a través do elemento metaforizador, que figura en solitario no primeiro verso. O eu lírico, representante autorizado do colectivo, pergúntase pola "fala" dos pinos, quer descubrir a súa mensaxe nunha escena en que están presentes o abrazo terra-mar típico das nosas costas e o firmamento amigable que chegaron a consolidarse a por de repeticións escritas e orais. Xa hai moitos anos que o prof. Manuel Ferreiro estableceu a letra verdadeira do Himno Nacional noso, estreado na Habana en Decembro de 1907, como hai moitos anos que unha servidora levou ao Parlamento (coa mellor disposición, por certo, do finado Victorino Núñez, á altura seu Presidente) a reforma da Lei de Símbolos, só no aspecto concreto de lle volver à letra do Himno a súa textualidade auténtica. Tal devolución non se produciu, mais os pormenores desta tentativa son asunto dun outro artigo.

Reparemos en como a letra verdadeira, a aquí reproducida, conleva cambios de sentido fundamentais e axuda a comprender a súa significación cabal. A diferenza doutros himnos nacionais, o noso, literariamente, é dunha calidade superlativa, pois que se compón das catro primeiras estrofas do poema "Os Pinos", de Pondal, integrado por nove, en total (por certo, o número da perfeición na cabalística oriental), que van desenvolvendo, con mestría musical, o motivo inicial (os pinos) en crescendo até o final (as armas de Breogán): do pacífico "rumorosos" do primeiro verso (suave arrolar da corda), ao se moveren as súas follas (harpas) polo vento, até o intrépido son do derradeiro verso (metais e percusión), xa que a "estima" ha de alcanzarse cun "rumor xigante". A este laboradísimo poema pertencen, como dixen, as catro estrofas que dan corpo ao noso Himno.

Na segunda estrofe comeza a resposta (por isto, é fundamental, na escrita, marcar trazos e aspas). O posesivo "teu" vai referido ao vocativo "fogar de Breogán", que non aparecerá até o oitavo verso. A invocación ao colectivo, á nación, enlaza directamente co aval do pasado valente ("valeroso clan"). A mensaxe actualizadora, que utiliza un dos verbos recorrentes en toda a nosa literatura do XIX, "despertar", é clara e explícita: os galegos precisaban --precisamos-- sacudirnos o sono, a anestesia forzada, e despertar, aínda a custa de que o estupefaciente cese nos seus efectos e o "corpo" volva doer porque está vivo.

Na terceira estrofe, o esquema dualista é elocuente da escisión real da sociedade galega: galegos querenciosos de o seren / galegos insensatos (iso é o que significa etimoloxicamente "imbéciles"), duros como o ferro e insensíbeis para co seu país. O poeta, como se ve, executa así a xustiza poética, invertendo a situación real: é o povo opreso o que se permite definir e retratar o opresor, o que decreta a soedade dos "ignorantes".

A cuarta estrofe, coa utilización de for-


mas verbais de presente e de futuro-vaticinio, resume a exhortación, reafirmación central: é o tempo de amplificar a voz redentora pola nación toda ("redención", outro dos termos chave da nosa literatura renacente).

En suma, contamos coa fortuna de posuírmos un himno poético por excelencia, que, em comunión coa natureza que nos pertence, chama à mobilización, á autoestima colectiva, ao valor da historia como alavanca do presente, á clareza á hora de cualificarmos os que nos dominan.

Leitor-a: se vostede chegou até aquí, obrigada. Estimolle de verdade que me acompañase nesta esquemática paráfrase do noso Himno Nacional, moito máis belo e profundo do que os himnos da nosa contorna. Aínda me voa animar a pedir máis algunha cousa. Cando soa ou cando o cantamos, en recinto cerrado ou en praza pública, imponse a circunspección que merece un alto símbolo como o himno é. Cantarémolo ou ouvirmolo en pé, en silencio e, por suposto, sen darlle ao zocco dun lado para outro, como é habitual ver e padecer, como se fose a canción que clausura unha noite de bebida. Igualmente, cando se escoita-canta co puño alzado, este deberemos deixalo quietiño durante toda a interpretación, non axitado ao final como se estivéssemos no fútbol, na discoteca ou por aí... Diranme, talvez, onde están escritas estas recomendacións. Quizabes en nengures máis que no depósito do sentido común e do respecto --e non banalización-- dos nosos símbolos. En os estimando e animando a que todos o fagan, de certo que tamén estimaremos algo máis o país de noso e todas e todos os que por el traballan.

...E parabéns, claro está, a SERMOS GALIZA, por esta primeira realidade escrita en papel, que nos retrata e anima a ler máis en galego. ❧

ENCrucILLADO CARLOS MEDRANO



Horizontais 1. Ave de gran tamaño, de patas e pescozo moi longos e plumaxe rosada. **2.** Preposición. Abrirse en gretas ou fendas máis ou menos profundas. **3.** Esposo dunha filla. Artigo determinado. **4.** Peixe mariño que tamén recibe o nome de "cabala". Símbolo químico do cesio. **5.** Conxunción copulativa. Anaco de pan pequeno e con codia. **6.** Conxunto de cousas que se pode levar nos brazos dunha soa vez. **7.** Fixera que algo perda a humidade que contén. **8.** Símbolo químico da prata. Entregarán. **9.** Que é agradable ao padal, gustoso.

Verticais 1. Nota musical. Nome de consoante. Contracción de preposición e artigo. **2.** Cincuenta, en número romanos. Adverbio de tempo. Prefixo que significa "grande". **3.** Pos a menor distancia. Símbolo químico do boro. **4.** Localidade luguesa. **5.** Facer desaparecer definitivamente. **6.** Prefixo que significa "novo". O nome dunha fermosa ferverenza galega. **7.** Símbolo químico do galio. Doadas de percibir ou comprender, sen confusión nin dúbida. **8.** Concello coruñés. Período de tempo.

Soluciones (horizontalis) 1.- Flamingo. 2.- E. 3.- Xeno. 4.- Xarda. 5.- E. 6.- Codia. 7.- Xalisco. 8.- Xalisco. 9.- Xalisco.

XOSÉ LOIS



TOKIO



ARAN OS BOIS

A labrada tradicional minhota

Autores: Colectivo XEA (Adela Leiro, Xoan Colazo e Mon Daporta)
Imaxe: Colectivo XEA

Os traballos no agro réxen-se polos ciclos anuais que determinan as estacións. A calor que xorde na primavera aguilloa os labregos a prepararen as súas herdades para facer a sementeira. Outra non hai, se queren ter froitos que dean a mantenza. Coas patas botadas meses atrás, abril é o tempo de labrar e sementar o millo. Cando menos no sul da Galiza e no Minho portugués este é o mes escollido para darlle volta á terra.

Sempre chama a nosa atención, nesta época, como os campos verdes de herba van trocando a súa cor polo marrón escuro, a terra cáseque negra que ficou descansando o inverno. Dá xenio ver as tenzas, as cortiñas, os eidos brillar baixo o sol, xusto logo de pasarlle o arado. É coma se virasen unha baralla de cartas, descubriendo os seus trunfos unha a unha. Fórmase un belo mosaico de marróns entre os cómaros verdes de folia nova e fresca. Ou iso era o que pasaba cando se traballaban os campos todos, pero agora en moitas comarcas do país isto é case a excepción. Daquela, non hai maior delicia que ollar un eido recién labrado. Escribiu un dos nosos mellores poetas, Xosé María Díaz Castro:

*Terra sucada, poema de cen versos na outonía!
Orballa na cal, no escuro camiño de tantas vidas...
Ferve o gráu, pulo enterrado da espranza, nena dormida.
Terra do céo arrincada!
Chora a terra desterrada,
terra arada, nai perdida.*

En Cui de Vila Verde, ao pouco de o Limia pasar a chamarse Lima, levan cinco anos recuperando as labradas como se facían de antigo, nunha festa fermosa e un pouco sorprendente neste mundo cada vez máis afastado da terra e das súas angueiras. Ben é certo que Portugal aínda conserva algo da súa agricultura tradicional, mellor ca Galiza, pero non deixa de ser un mundo que esmorece. Dende logo a lavrada tradicional que se organiza nesta freguesía de Ponte da Barca é ademais especial por revivir o traballo comunitario cos medios de que se dispuña séculos atrás e até hai unhas décadas.

Todo alí é especial. Non estamos ante unha representación forzada das tradicións nin un simples folcristo. A xente non actúa, non fan de labregos, son propiamente labregos e labregas que ese día lembran como se realizaban noutroira as tarefas e amósano con orgullo. Nótase ben que os lazos sociais, as vivencias dia-



rias neste recuncho do agro portugués non foron aínda totalmente dinamitadas. Como moito algún vello petrucio que non terma ben do timón e fai os regos tortos por falla de costume, ou algún mozo que non lle dá xeito ao collar o legón. De por parte, tampouco se ollan demasiados forasteiros, os protagonistas son os homes e mulleres da zona, de todas as idades, vivindo algo que é seu. Semella que é a propia comunidade local a destinataria da actividade revivida.

A labrada desenvólvese a tarde dun domingo de abril nas terras da Torre e Paço de Vila Verde, tamén chamada de Dona Elvira. Esta torre, seica con orixe no século XIII, permanece hoxe medio arruñada, propiedade, polo que nos din, dalguén que vive no Porto. E son boas terras estas, abofé, rodeadas de viñas e vellas oliveiras. Dun ano a outro troca a leira escolli-

En Cui de Vila Verde levan cinco anos recuperando as labradas como se facían de antigo

Os lazos sociais neste recuncho do agro portugués non foron aínda dinamitados

A festa remata coa confraternización da xente toda ao carón da eira labrada

da, da que se labran uns poucos ferrados coa participación de cincuenta ou máis veciños e veciñas. Unhas sachan a herba e estenden o esterco, outros repasan os terróns ou cavan nos recunchos que quedan atrás. O máis especial é ver catro parellas de bois tirar do arado de ferro dando pasadas seguidas, coa música do asubío suave da rella abrindo a terra a unha velocidade por veces insospeitada. Ben, na realidade hai tres parellas de vacas barrosás, cos seus cornos de lira, e só unha parella de bois, que sempre foron e son un ben escaso e prezado. Os xugos ou cangas non semellan moito aos galegos, xa que son moito máis altos e presentan unha decoración moi ben labrada na súa madeira. Uns triscos de herbas e flores engalanan ese día as



cangas, como tamén os traxes e os chapecos dos lavradores ou as camisas bordadas das mulleres.

No medio da lavrada algunhas mozas descalzas atravesan a terra arada portando na cabeza xeros con viño e cestos con borra, bacallau, sardiñas de cebolada e rabanadas de viño (pan mollado en viño e azucre, polo que nos pareceu). Fan un alto todos e merendan ao son das concertinas. Tamén os grupos de labradoras, mentres os bois fan o seu traballo dunha beira a outra da leira, apóianse nos mangos dos sachos e cantan ao desafío entre elas, con aguda voz de tiplés:

*"Oh, lavrador, lavrador, lavrador,
Pica que pica na vaca amarela"*

A festa, xa que diso se trata, remata coa confraternización da xente toda a carón da leira labrada, merendendo os produtos da terra e bebendo un bo viño verde. Mentres, unha parella de vacas pasa a grade ficando lista a terra para a sementeira do millo. Meses despois hase recoller o pendón, a palla e as espigas para alimentar o gando que pertence á quinta e aos veciños. E conséguese aínda un outro obxectivo, o de evitar o abandono dunhas terras situadas no medio e medio desta rica freguesía.

Ao marchar pensamos se se volverán labrar os campos da Galiza nun futuro próximo. Dende hai tempo existen medios para facer este traballo menos penoso. Recursos temos, pero deben trocar as políticas. Coa crise, quizais máis de case un arrependerá de ter chantado a casa nova no medio do eido farturo dos avós.

CANDO E ONDE?

A V Lavrada tradicional desenvólvese o vinte e nove de abril de 2012, na pequena freguesía de Cui de Vila Verde, tres quilómetros ao sul da fermosa Ponte da Barca. Alí, logo de pasar a Casa de Novais e a igrexa, atópase o lugar de Medonha, onde chega o cortexo dos carros de bois para labrar as terras do Paço de D^a Elvira. No entorno deste lugar hai grandes e boas quintas produtoras de vinho verde. Paga a pena perderse neste entorno rural ben conservado da antiga Terra de Nóbrega, onde a natureza e a actividade humana harmonizan en cada recuncho.

SEMENTEIRA TRADICIONAL DE MATAMÁ

Ese mesmo 29 de abril nesta parroquia viguesa o colectivo Malaherba celebrou a primeira sementeira tradicional de millo. Unha xugada de bois novos arou unha leira fonda no urbanizado Val de Fragoso logo do muíño da Regueira moer a noite toda. Houbo ademais unha mostra etnográfica, unhas olimpíadas do campo e actuacións musicais, contacontos e interesantes conferencias sobre o cultivo ecolóxico das vides. Pegado ao cinto de circunvalación da Zona Franca e a escasos metros da maior factoría industrial de Galiza, durante a sementeira vironse vellos e vellas pronunciar as palabras medio esquecidas que os vencellaban aos labores do agro; ao tempo, os máis novos descubrían marabillados unha actividade que non podían sospeitar que fose realidade. Terra de contrastes. ☺



Lazos e máis. Fresco e trendy



Lola Dopico
Imaxes: SG

Idaira Cabrera e Jéssica García, ou "Pajaritas sin más", dúas deseñadoras moi novas que están rematando os seus estudos de deseño e moda na Universidade de Vigo. Mais sen deixar pasar un momento están a poñer en marcha a súa marca ao tempo que fan os seus proxectos de fin de estudos. A receita é a de sempre, creatividade, ganas e poucas horas de sono. Comezaron facendo lazos e agora non paran, zapatillas, bolsas para a compra e o que virá.

Dúas creadoras con vontade de se faceren un oco, están nese momento máximo e irrepitíbel cando un soño comeza a tomar visos de realidade. O seu estilo é novo, desenfadado e moi enerxético así que agora que soben as temperaturas e temos ganas de verán preséntannos o seu novo catálogo.

O espírito do seu proxecto irradia alegría e ganas de facer cousas bonitas e persoais. Non vos digo máis que xa sucumbín e teño nos pés un par das súas maravillosas zapatillas da colección "Cámping francés", esa é a idea para este verán, convidándonos a o tomarmos con calma e gozar da natureza e o tempo de lecer.

Comezaron a súa andaina cunha primeira colección de lazos que foron unha das tendencias estrela no pasado inverno. Os lazos están feitos con tecidos naturais en cadros vichí, cadros escoceses, círculos ou elementos gráficos máis desenfadadas cara ao verán. Coidando até o último detalle ademais veñen nunha preciosa caixa.



Encantoume a versión de lazos xemellos en grande e pequeno para pai e fillo, mais na colección tamén presentaban lazos para diademas, como broche, etc. Unha colección chea de detalles.

A súa idea é facer complementos de moda baixo unha clara influencia artesanal. Isto é, dándolle o seu tempo á elaboración das pezas, cada unha delas ten que pasar pola súa mans. Cunha factura manual os seus complementos resultan obxectos únicos e diferentes, a elaboración coidada dos lazos así como o pintado a man das zapatillas e as bolsas para a compra transforman estes obxectos sinxelos en pezas realmente exclusivas.

Estas mozas destilan positividade enerxía e creatividade e o seu traballo inscribese dentro dunha das tendencias que está a se estender pouco a pouco nun público sensíbel ao movemento slow que reivindica un tipo de produto único, feito a man e de deseño; isto é, unha certa tipoloxía de híbrido entre artesanía e deseño que está xurdindo desde pequenos estudos emerxentes.

Tamén fan deseños ad hoc contactando con elas a través de seu enderezo electrónico pajaritassinmas@gmail.com. No seu Facebook podeades seguilas e ver os seus novos deseños.

Estiveron en Debut Store en Pontevedra e no Festival Sin Sal de Vigo, tamén no FIV Vilalba e no Festival do Norte. Poderedes atopalas moi pronto no Pulpopp en Raquetas de Mar e no Con V de Valadares na Coruña.

Pisando a herba, fresco e trendy, ideal para o verán.



Carme Vidal
Imaxes: SG

Na casa de Neira Vilas nenos e nenas son protagonistas. Apréciase en toda a parte, desde a biblioteca até a programación, coroada coa organización dos premios Estornela e Arume de teatro e poesía infantil que a Fundación convoca cada ano.

Ao escritor, autor de obras emblemáticas da literatura infantil como *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* e *O cabaliño de buxo*, parécelle acaído que esta sección do xornal se abra coa súa casa. "Así o pensamos Anisia Miranda e eu. Aquí faise teatro infantil, nenos e nenas son socios e están todas as tardes na biblioteca, convocamos os premios de literatura para criaturas. Seguimos aquela idea que xa tiñamos en Cuba, cando se botou a andar a revista *ZunZun*, un proxecto de gran dimensión para a cultura infantil" conta para, a seguir, comezar a relatar o grande investimento do goberno cubano na formación dos máis cativos. Para explicar aquela iniciativa, Neira Vilas fala dos 250.000 exemplares de tirada, dos concursos celebrados, da expectación do país ou mesmo, da psicóloga con dúas axudantes que tiñan contratadas para responder as cartas das crianzas nunha sorte de encontro público na



Na casa de Balbino

era predixital. Ao falarmos da revista, é fácil apreciar en Neira Vilas o entusiasmo e mesmo a melancolía pola lembranza daquel tempo.

De todos xeitos, ao escritor vézelle ben que é un home que tira para adiante. A casa en que vive é pequena, cos rasgos característicos da arquitectura de César Portela, autor da obra. Á beira, a pequena construción familiar en que viviu e que aínda gardará boas lembranzas da súa infancia. Abre a porta para se gabar dos seus espazos, as dúas bibliotecas -infantil e de maiores- e o museo etnográfico onde a cativada se achega á vida doutro tempo. Alí está a roupa das antepasadas de Anisia, a carteira do colexio de Neira Vilas, o autor do neno máis coñecido da nosa literatura. Amigas e amigos de Balbino veñen pasar a tarde na biblioteca e teñen a fortuna, de cando en vez, de parolarse co escritor na súa casa familiar, conver-



tida agora nun singular centro cultural da aldea. ira Vilas ou toda a ferramenta de carpintaría da casa.

Sábese pioneiro na literatura infantil e lembra aquela carta dirixida a Fernández del Riego en que o convidaba a que Galaxia abrise unha colección para a infancia. Buscaba, xunto con Anisia -que fora directora de coleccións na Habana- que os libros pensasen nos nenos como lector@s. Non son os Grimm, nin Andersen, non, trátase de que quen escribe teña na cabeza as idades pequenas, aquel primeiro encontro coa literatura.

BAILAR E MANEXAR FERRAMENTA

Que diferenza atopa entre a súa vida de aldea nesta pequena casa e as crianzas que agora veñen ler os libros? "Agora viven mellor, comen mellor, teñen luz eléctrica, radio, ordenador... pero aínda está por ver se son máis felices. Hoxe non camiñan, non van pescar ao río, non co-

ñecen o monte. Nós faciamos os nosos xoguetes e estabamos máis unidos. Ah! E bailabamos desde os 10 ou 12 anos! E sabiamos manexar a ferramenta!" comenta Izgaíro.

Ao falar da casa das crianzas agroma a cada pouco o nome de Balbino, o rapaz que orixinou un dos comezos máis sólidos da nosa literatura. Aquele en que se presenta como un rapaz de aldea, coma quen di, un ninguén. A súa historia foi contada xa en 16 linguas e do prelo, nas distintas edicións, débéronse tirar arredor de 700.000 exemplares. Todo un éxito para o máis humilde dos personaxes.

O neno que naceu na Casa do Romano, o nome que trae da historia o espazo que hoxe garda as bibliotecas, non é Balbino aínda que en moitas cousas se lle asemella. Son dous nenos de aldea e comparten aquel tempo nunha parroquia que ben podería chamarse Gres, en Vila de Cruces. Desde a galería o val amósa-se amplo e Neira Vilas ten alí a cadeira para ler coa luz natural. A tranquilidade preside o lugar nesas horas en que o día xa se apaga. Até mañá á tarde nenos e nenas non volverán a súa biblioteca, a enredar cos ordenadores ou a se atopar cun novo libro. E parolar un pouco, se a sorte acompaña, con este grande home chamado Xosé Neira Vilas, veciño como el@s de Gres e lección obrigada nos seus libros escolares.

Ignacio Villar DIRECTOR DE CINEMA



“Cinema galego é o que se roda na nosa lingua”

Carme Vidal
Imaxen: SG

Se atopan unha furgoneta Volkswagen dos setenta e un grupo entusiasta dentro, esa é a caravana *Vilamor*. Ignacio Villar está a percorrer o país para promocionar a súa nova película. O director volve á aldea cunha historia de amor, utopía e liberdade, elementos dos que bota man para facer cine galego, rodado na nosa lingua e que conta as historias desde nós.

A caravana Vilamor percorre o país. Por que opta por esa promoción cara a cara?

A esencia do cine é encher as salas e para iso hai que facer promoción. Temos a posibilidade de ir vila por vila, asistir ao Breogán-Mallorca de Baloncesto ou aparcarse diante de Balaídos nun Deportivo-Celta. Acompañanos o espírito das montañas dos Ancares.

Se esa é a esencia, por que só o fai vos tede máis o seu equipo?

Cando inicio a idea de contar unha historia aí está xa a promoción. Forma parte do proxecto. Nos institutos facemos encontros didácticos e ao final é máis que dar a coñecer a película, trátase dun enriquecemento extraordinario para seguir contando historias.

Falan na promoción de “campanha de guerrilla”.

A guerrilla coñece o territorio e nese aspecto si o somos. As grandes multinacionais non o poden facer, nós si. Nós non temos cartos para a promoción e entón o contacto persoal é fundamental. Durante dous meses e a vintecatro horas estamos niso. Pola mañá nos institutos, pola tarde nas asociacións ou festas e pola noite un par de horas nas redes sociais.

Un ámbito acaído para a promoción a baixo custo, non é?

En *Pradolongo* aínda non o tiñamos activado pero é impresionante. Comunicación directa, con poucos cartos e a moita xente.

Din que o seu é o xenuino “cine galego”, por que razón?

Porque son galego e temos un idioma, unha forma diferente de ver o mundo e iso inflúe tamén na forma de facer o cine. A mágoa é que non haxa moitos máis directores que compartan esta idea. Nas miñas películas o 100% do equipo técnico e artístico é galego.

A lingua define o que é cine galego?

Cine galego é aquel que se roda en galego. Non hai outra forma. O idioma é o que nos estrutura, o que nos fai interpretar o mundo. Se queremos ter cine propio ten que ser cine en galego.

Vostede é o herdeiro de Chano Piñeiro?

Teño a Chano como unha referencia

obrigada. Cando rodei *Pradolongo* en Valdeorras pasei un mes buscando unha cociña. Cando a atopei resultoume coñecida unha Madeira cunhas chaves. Logo decateime de que esa mesma cociña estaba en *Sempre Xonxa*.

Os dous optaron por levar a aldea ao cine.

O que nos constitúe como pobo é a aldea pero aínda non dimos o paso de levala á cidade. Se un pobo non asume o que é non pode construírse. Para min é fundamental ser conscientes diso. Somos de aldea, tamén na cidade, e temos que volver, dun xeito ou outro a ela. Renegar do que se é é negativo para todo. Se reparamos, poño por caso, na estrutura urbanística de Vigo vemos que está articulado como aldeas, mesmo sendo unha cidade.

Por que decidiu contar a historia dos hippies de Negueira?

Era a comuna máis coñecida de Europa. Non se chamaban hippies senón comuñeiros. Para facer o guión procurei por eles e entrevisteinos.

Como os atopou? Que foi deles?

Era xente moi preparada. Agora son profesores, médicos. Abandonaron aquí nos inicios dos oitenta e cada un seguiu a súa vida.

Como lembran aquel tempo? A memoria é doce ou amarga?

As lembranzas son boas, positivas. Non

teñen relación entre eles pero conservan a sensación de liberdade que nunca volveron sentir.

Volve cunha historia de amor, ao igual que o seu anterior filme Pradolongo. Esa é a esencia do cine?

O amor move o mundo. Estou facendo un cine do país, para todos os públicos, que responda ao que agradan catro xeracións diferentes. Teño un tunti dunha moza de quince anos que foi ver a película coa súa nai e avoa e dixo que as tres saíran emocionadas. Para min ese é un obxectivo.

Fai a promoción nunha furgona dos setenta pero estrea na SGAE en Compostela. Como cadra iso?

Unha Volkswagen dos 70, moi comunei- ra!! Infelizmente en Compostela non atopamos ningunha sala comercial na que proxectar o filme. A distribución é un dos grandes problemas do cine galego. Costa inmenso atopar salas e nós conseguimos, con moito esforzo, que a película chegara a todas as cidades e vilas. A sala da SGAE é de grande calidade e empregámola como unha sala comercial.

Xa anda nun novo proxecto? Levar a Esmorga ao cine.

Deixa entón a aldea?

Vou aos arrabaldos da cidade. Trátase dunha película moi complexa que precisa un alto orzamento. Niso andamos. 🍷